

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE
GALICIA**

Modelo MD71PLA02

Programación Xeral Anual do Conservatorio Profesional de Música de Vigo

Curso 2023-2024



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
FSE invierte no teu futuro
cmusvigo
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es

Informe elaborado por Sergio Noche García

Índice

1. Capítulo I (letras a, b, c, d, e, k e l) do artigo 45 punto 4º do Decreto 223/2010)	8
1.1 Obxectivos específicos	8
1.1.1 Obxectivos específicos de elaboración de horarios	8
1.1.2 Obxectivos administrativos	10
1.2 Medidas que se van desenvolver	11
1.2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración	11
1.2.1.1 Organización dos horarios	11
1.2.1.2 Sistema de escolla de horarios	12
1.2.1.3 Itinerarios e Optativas	12
1.2.1.4 Reorganización dos espazos	12
1.2.1.5 Coordinación interdepartamental	12
1.2.1.6 Actividades de orientación relacionadas cos Itinerarios formativos	13
1.2.1.7 Actividade “Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio”	13
1.2.1.8 Delegados/as de clase	13
1.2.2 Horario de atención ao público	14
1.2.2.1 Horario de atención ao público dos diferentes órganos e servizos non docentes do Centro	14
1.2.3 Cadro xeral de atención tutorial	14
1.2.4 Horario de utilización das instalacións do centro	14
1.2.4.1 Biblioteca	14
1.2.4.2 Auditorio	15
1.2.4.3 Cabinas de estudo	15
1.2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio	15
1.2.6 Recursos	17
1.2.6.1 Instalacións	17
1.2.6.2 Provedores	17
1.2.6.3 Biblioteca	17
1.2.6.4 Páxina web	17
1.3 Plan de Igualdade do CMUS Profesional de Vigo	18



1.3.1	XUSTIFICACIÓN	18
1.3.2	MARCO LEGAL	19
1.3.3	ANÁLISE DO CENTRO	21
	Accións de diagnose	21
1.3.4	LIÑAS DE ACTUACIÓN	22
1.3.5	FINALIDADES	23
1.3.6	OBXECTIVOS	25
	1.3.6.1 Obxectivos xerais	25
	1.3.6.2 Obxectivos por axentes	27
	Profesorado	27
	Alumnado	27
	Familias	27
1.3.7	MEDIDAS E ACTUACIÓNS	28
1.3.8	SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA	29
1.4	Plan de Atención á Diversidade	31
	1.4.1 INTRODUCIÓN	31
	1.4.2 CONCEPTOS	32
	1.4.2.1 Atención a diversidade	32
	1.4.2.2 Alumnado con necesidade específica de apoio educativo	32
	1.4.2.3 Alumnado con necesidades educativas especiais	33
	1.4.2.4 Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural	33
	1.4.2.5 Alumnado con altas capacidades intelectuais	33
	1.4.3 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	34
	1.4.3.1 Contexto normativo	34
	1.4.3.2 Características do centro	35
	1.4.3.3 Ensinanzas que imparte	35
	1.4.3.4 Contexto sociocultural e económico	36
	1.4.3.5 Características e tipoloxía do alumnado	36
	1.4.4 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	37
	1.4.4.1 Probas de acceso e matrícula	38
	1.4.4.2 Avaliación Inicial	38
	1.4.5 OBXECTIVOS	39



1.4.6	ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	40
1.4.6.1	Ordinarias.....	42
1.4.6.2	Organizativas	43
1.4.6.3	Adecuacións das programacións	44
1.4.6.4	Acción tutorial.....	44
1.4.6.5	Reforzo educativo	45
1.4.6.6	Programas específicos.....	45
1.4.6.7	Extraordinarias	45
1.4.7	CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	46
1.4.7.1	Recursos materiais	46
1.4.7.2	Recursos humanos	46
1.4.8	ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.....	47
1.4.9	Mecanismos de coordinación e colaboración.....	49
1.4.9.1	Internos	49
	Claustro de profesores.....	49
	Familias.....	49
1.4.9.2	Externos	50
	Entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro.....	50
	Entre centros docentes	50
1.4.10	CANLES DE COLABORACIÓN	50
1.4.10.1	Nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado.....	50
1.4.10.2	Servizos externos ao Centro.....	51
1.4.11	PROTOCOLO DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	52
1.4.12	PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	52
1.5	Documento adxunto nº 1: Cadro xeral horario de atención tutorial	54
1.6	Documento adxunto nº 2: Cadro de Gardas.....	57
1.7	Documento adxunto nº 3: Horario da Biblioteca	58
1.9	Documento adxunto nº 4: Dotación (instrumental e material por aulas)	59
1.9.1	Departamento de Linguaxe musical	59
1.9.2	Departamento de Composición	62
1.9.3	Departamento de Canto	64



1.9.4	Departamento de Corda pulsada	65
1.9.5	Departamento de Corda	66
1.9.6	Departamento de Conxunto	69
1.9.7	Departamento de Música Tradicional	70
1.9.8	Departamento de Percusión	71
1.9.9	Departamento de Tecla	75
1.9.10	Departamento de Vento Metal	79
1.9.11	Departamento de Vento Madeira	81
1.9.12	Cabinas de estudo	84
1.9.13	Outros espazos	86

2. CAPÍTULO II (letras m e n) do artigo 45 punto 4º do Decreto 223/2010)

96

2.1	Documento de organización de Centro	96
2.2	Modificacións do proxecto educativo	96
2.3	Programacións didácticas dos departamentos	96

3. CAPÍTULO III (letras f, g, h, i e j do artigo 45 punto 4º do Decreto 223/2010)

3.1	Profesorado participante en programas de innovación educativa	97
3.2	Programa anual de formación do profesorado	97
3.3	Programa de promoción da lingua galega	97
3.3.1	Introdución	97
3.3.2	Situación lingüística do centro	98
3.3.3	Obxectivos para este curso	99
3.3.3.1	Contorna sociolingüística do centro	99
3.3.3.2	Situación do profesorado	100
3.3.3.3	Situación do alumnado	101
3.3.3.4	Situación lingüística do centro	102
3.3.4	Medidas para potenciar o uso da lingua galega	103
3.3.5	Recursos	105
3.3.6	Procedementos de coordinación	105



3.4	Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas	106
3.4.1	Actividades culturais (Audicións, Cursos e Master Class)	106
3.4.2	Actividades internas	106
3.4.3	Actividades de promoción das ensinanzas	107
3.5	Biblioteca	107
3.5.1	Organización	107
3.5.1.1	Artigo 51	107
3.5.1.2	Artigo 52. Normas de funcionamento	108
3.5.2	Actividades propostas para a Biblioteca	108
3.6	Actividades de dinamización da Lingua Galega	108
3.7	Plan de autoprotección	109

1. Capítulo I (letras a, b, c, d, e, k e l) do artigo 45 punto 4º do Decreto 223/2010)

Non se teñen presentado novidades legislativas que afecten ao funcionamento interno do Centro para este vindeiro curso académico, agás as instrucións que, no seu momento, se emitirán dende a Consellería para o calendario de actividade do mes de xuño de 2024.

Esta PXA foi sometida a votación nas sesións de Claustro os días 4 de setembro e 8 de novembro de 2023, co seguinte resultado:

Claustro extraordinario do 4 de setembro de 2023 (Calendario da PXA):

- A favor por unanimidade.

Claustro ordinario do 8 de novembro de 2023:

–

Igualmente, a PXA tamén foi sometida a votación, en sesión de Consello Escolar do 8 de novembro de 2023, co seguinte resultado:

–

1.1 Obxectivos específicos

1.1.1 Obxectivos específicos de elaboración de horarios

- Respectar, na medida do posible, a dispoñibilidade do alumnado en relación coas súas obrigas no ensino xeral non universitario.
- Ter en conta a idade do alumnado en relación coa adecuación aos horarios do Conservatorio.
- Minimizar, na medida do posible, o número de días de asistencia do alumnado ao Conservatorio.
- Elaborar, cando menos nun 80% do horario, franxas de docencia no tramo preferente do Centro (15.00-22.00 horas), agás os venres –ata as 21.00 horas-, respectando en todos os casos a oferta das mesmas previa ao inicio do curso académico.
- Ter en conta, á hora da elaboración dos horarios, as franxas de docencia

das diferentes coordinacións (TIC, ENDL, EA e Biblioteca), nas que sexa preferente a mañá dos venres, para unha axeitada interrelación entre todas as actividades a desenvolver no Centro.

- f. Ter en conta a oferta de grupos bilingües, segundo a proposta do Departamento e do profesorado implicado, que no seu día foi aprobada polo Consello Escolar do Centro.
- g. Elaborar horarios de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal tendo en conta a necesidade de optimización dos espazos. Terase en conta a valoración do Departamento para a elaboración dos horarios, podendo ser os mesmos en franxas docentes de 1,30 horas (Linguaxe Musical e EAV aparelladas). Elaborar, na medida das posibilidades horarias do Departamento, horarios que non vaian máis aló das 21.00 horas no grao elemental.
- h. Elaborar grupos de Linguaxe Musical, no grao elemental, dun máximo de 13 alumnos/as. De ter que sobrepasar a rateo, a mesma nunca deberá pasar de 15 alumnos/as sen previo permiso da inspección educativa.
- i. Valorar a rateo da materia de Repentización, Transporte e Acompañamento no 4º curso 1/2, por motivos de optimización de docencia do Departamento de Linguaxe Musical.
- j. Ofertar variedade de franxas horarias e de horarios diversos nas materias colectivas do grao profesional (Hª da Música, Harmonía e Análise), eliminando na medida do posible a particularidade de horarios de dúas horas seguidas, agás nos grupos de mañá.
- k. Elaborar grupos de Harmonía e de Análise dun máximo de 12 alumnos/as por grupo. Na medida das posibilidades do cadro de profesorado de Composición esta rateo poderá baixar ata 8 alumnos/as por grupo.
- l. Manter os horarios unificados dos itinerarios e das materias optativas na franxa horaria do mércores de 20:00 a 22:00 horas, agás naquelas que pola súa condición particular non se axeiten a tal disposición.
- m. Cruzar as materias de Orquestra e Banda entre os días mércores e xoves, e entre grupos diferentes (Orquestra A con Banda B/C, e viceversa).
- n. Intentar a máxima combinación entre horarios de linguaxe musical do grao

- profesional coa materia de Conxunto, Harmonía 3º con Novas Tecnoloxías e Harmonía 4º e Análise 5º con Hª da Música 4º e 5º. Ter fixados, de antemán, os horarios das materias de Conxunto e de Música de Cámara.
- o. Crear, na medida do posible, os grupos de Música de Cámara, pero realizando a asignación horaria no día da presentación.
 - p. Respetar sempre, na data das presentacións, os horarios establecidos e publicados para a materia e profesorado en cuestión, que **en ningún caso deben ser tratados ou acordados co alumnado con anterioridade ao propio acto de presentación.**
 - q. Atender a calquera necesidade horaria do alumnado en relación ao bacharelato e ás medidas establecidas pola Covid-19, aínda cando supoña cambios nas presentacións académicas e os aspectos legislativos referidos ás mesmas.

Para a elaboración destes obxectivos tivéronse en conta os seguintes documentos:

- Calendario Escolar establecido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o presente curso académico.
- Datos de matriculación do curso actual.
- Memorias, informes e aportacións dos diferentes departamentos do curso pasado.

1.1.2 **Obxectivos administrativos**

- Amortizar os recursos do programa de xestión de datos do alumnado (CODEX) co que se traballa no Conservatorio. Toda a información sobre os horarios do alumnado e do profesorado, de ocupación de aulas, etc., están sendo cargados no programa citado en tempo e forma, de xeito que despois se poden volcar na aplicación CENTROS-NET, coa considerable mellora deste servizo para toda a comunidade educativa.
- Optimizar as posibilidades académicas que nos proporciona Centros-Net, realizando titoriales de funcionamento para o Claustro.

- Reorganizar as probas de acceso a outros cursos do grao elemental e profesional, a partir do traballo levado a cabo na CCP.

1.2 Medidas que se van desenvolver

1.2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración

1.2.1.1 Organización dos horarios

O proceso de mellora na elaboración, organización e ampliación dos horarios do Centro, xa comezado en anos anteriores, prosegue neste novo curso, tentando de manter estruturas fixas, como as que procedemos a enumerar a continuación:

- Organización das materias teórico-prácticas de GE en dúas sesións semanais de unha hora e media cada unha (considerado o óptimo polo Departamento de Linguaxe Musical, tal e como se fixo constar en sesión extraordinaria de Claustro, na que foron aprobados os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios).
- Elaboración dos horarios das clases colectivas de GE de instrumento no horario lectivo do profesorado que non ten completo o seu horario do departamento.
- Eliminación, en materias de grupo como Historia da Música, Harmonía ou Análise, e por observación do departamento, da confección de grupos conxuntos de dúas horas, agás nos de mañá, para optimizar a impartición dos contidos de devanditas materias.

As propostas con respecto a este tema son as seguintes:

- Programación das materias de Orquestra e Banda cruzadas en sesións de mércores e de xoves para unha mellor organización dos horarios das materias teórico-prácticas e ampliouse, xa como fixa, unha nova Banda os xoves (este grupo crease tamén a razón do aumento do alumnado).
- Elaboración previa de grupos de Conxunto, marcados con aula, para evitar a coincidencia coa materia de Linguaxe Musical e Orquestra.

- Habilitación de grupos de materias teórico-prácticas de Análise 6º GP e Historia 5º GP en horario de mañá, compatibles cos horarios do alumnado de Bacharelato (vía de Artes Escénicas).

1.2.1.2 Sistema de escolla de horarios

En sesión ordinaria de Consello Escolar do 11 de abril de 2012 foi aprobado o criterio de escolla de horarios por expediente académico para todo o alumnado. Se ben é un sistema complexo e laborioso para elaborar todos os listados por orde de puntuación partindo da media do curso anterior, e desfacendo os posibles empates por data de nacemento, dende este órgano colexiado acordouse que era o sistema menos lesivo para o alumnado.

Tendo en conta a experiencia de cursos pasados, durante o mes de xullo foron publicadas as cualificacións medias do alumnado que superou todas as materias na convocatoria ordinaria. Seguindo o mesmo criterio, o alumnado que non se matriculou en xuño ou que tiña materias pendentes da convocatoria ordinaria pasou a formar parte dunha lista que se publicou na segunda semana de setembro.

1.2.1.3 Itinerarios e Optativas

Neste sentido, establecéronse mecanismos de orientación de cara ao alumnado de 5º GP, de xeito que ao matricularse en 6º GP tiveron un mellor coñecemento da oferta e dos contidos dos itinerarios e optativas. No presente curso oferta-ranse os catro itinerarios e tres materias optativas.

1.2.1.4 Reorganización dos espazos

Toda vez que foron analizadas as propostas dos departamentos, procedeuse a optimizar o uso das cabinas empregadas para impartir docencia, ubicando nas mesmas pianos cunhas características máis axeitadas para tal fin.

1.2.1.5 Coordinación interdepartamental

Neste curso, queremos incidir na coordinación interdepartamental nos seguintes aspectos:

- Mellorar a coordinación entre distintos Departamentos con respecto ás programacións de materias comúns.
- Adecuar os contidos das materias teórico-prácticas ás necesidades específicas das distintas especialidades.
- Organizar actividades de integración das materias teórico-prácticas nos períodos de audicións ou noutras datas sinaladas.
- Mellorar o Plan de Acción Titorial de acordo coas necesidades do alumnado, e en relación as posibles deficiencias detectadas no pasado curso.
- Traballar para optimizar as probas de acceso a cursos intermedios de GE, GP e, do mesmo xeito, entre centros (acceso ás ensinanzas superiores).
- Implantar un novo modelo de “filosofía educacional de centro” a partir de actividades realizadas en común polo máximo número posible de profesores/as do claustro.

1.2.1.6 Actividades de orientación relacionadas cos itinerarios formativos

Neste epígrafe, trataremos de organizar actividades de orientación dirixidas ó alumnado e ás súas familias, organizándoas ao longo do curso e atendendo ás necesidades que van asociadas ós diferentes niveis: pases de grao (4º GE e 6º GP); charla explicativa sobre itinerarios e optativas (5º GP); acceso a conservatorios superiores; saídas profesionais, etc.

1.2.1.7 Actividade “Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio”

Levarase a cabo a programación dun calendario de actividades dirixidas a aqueles nenos e nenas que se amosen interesados en realizar as probas de acceso para o Conservatorio, tentando de dar a coñecer a oferta educativa do Centro.

1.2.1.8 Delegados/as de clase

No curso 2011-2012 formouse a Xunta de Delegados. Neste curso seguirase a mesma dinámica para a constitución da mesma, feito que terá lugar no mes de outubro, e será coordinada pola Xefatura de Estudos.

1.2.2 Horario de atención ao público

1.2.2.1 Horario de atención ao público dos diferentes órganos e servizos non docentes do Centro

O horario xeral de apertura do Centro, no período lectivo, abrangue dende as 8:30 horas ata as 22:00 horas, agás os venres (21:00 horas).

Tamén, e sempre de maneira continua, o persoal da conserxería presta atención pública mentres o Centro permanece aberto.

A secretaría do Centro presenta un horario de atención o público que abrangue dende as 9:00 horas ata as 13:30 horas.

1.2.3 Cadro xeral de atención tutorial

Preséntase o cadro en documento adxunto.

1.2.4 Horario de utilización das instalacións do centro

Malia que o Centro permanece aberto todo o día, a maioría das actividades lectivas lévanse a cabo en horario de tarde, quedando a actividade de mañá limitada a un grupo de Análise (6º GP) e un de Historia da Música (5º GP). Así mesmo, tamén existe unha pequena porcentaxe de clases individuais que, polo perfil do alumnado, son programadas en horario matinal. Segundo foi aprobado en sesión de Claustro no seu día, e atendendo aos criterios pedagóxicos, a franxa dos venres entre as 21:00 h. a 22:00 h., quedou sen docencia por ser unha hora complexa para cubrir por gardas, sobre todo en materias de índole colectiva, ademais de ter que efectuar o persoal subalterno unha inspección máis exhaustiva das instalacións polo descanso da fin de semana.

1.2.4.1 Biblioteca

A coordinación e dinamización da Biblioteca está desempeñada pola profesora Blanca María Vázquez Hermida. O horario de apertura da mesma preséntase en documento adxunto nº 3.



1.2.4.2 Auditorio

A coordinación do Auditorio compete ao Equipo de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas, sempre liderado pola figura da vicedirectora.

1.2.4.3 Cabinas de estudo

O Centro conta con oito cabinas a disposición do alumnado. O uso das mesmas está regulado no Capítulo 4 das “Normas de Uso e Funcionamento”. Dúas cabinas (3 e 6) son de uso educativo obrigado en certos horarios de tarde.

1.2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de auto-avaliación do conservatorio

A avaliación da PXA levarase a cabo trimestralmente, en sesións ordinarias dos órganos colexiados do Centro.

Dende os órganos de xestión competentes establecerase igualmente o mecanismo de autoavaliación da actividade administrativa.

O Consello Escolar establecerá os mecanismos nas súas sesións ordinarias para autoavaliar o grao de consecución dos obxectivos marcados.

Na páxina seguinte, adxúntase o calendario xeral da PXA aprobado polo claustro para o presente curso académico.



Setembro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Outubro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Novembro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Decembro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Xaneiro 2024						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Febreiro 2024						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

Marzo 2024						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Abril 2024						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Maio 2024						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Xuño 2024						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Xullo 2024						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Agosto 2024						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Claustro
Consello Escolar
Comisión Coordinación Pedagóxica
Días non lectivos
Días de apertura do centro en fin de semana

1.2.6 Recursos

1.2.6.1 Instalacións

Traballárase na procura de mellorar o mantemento das instalacións, xa que co paso dos anos algunhas partes do edificio están minimamente deterioradas, a pesar do proceso de atención e renovación constante que leva a cabo a secretaría académica do Centro.

1.2.6.2 Provedores

Traballárase na procura de mellorar os contratos de mantemento do Conservatorio tratando de axustalos, na medida do posible, a unha relación calidade-prezo acorde ás posibilidades económicas do Centro.

1.2.6.3 Biblioteca

O obxectivo deste curso é manter un horario de Biblioteca o máis amplo posible, tendo en conta que este espazo tamén se usa como Sala de Lectura, de xeito que o alumnado pode estudar ou facer os deberes do ensino obrigatorio.

1.2.6.4 Páxina web

No comezo do curso 2015-2016 presentouse unha nova páxina web do Conservatorio que aspira a simplificar todo o posible a súa estrutura coa finalidade de ofertar ao usuario unha información máis precisa. Dende o comezo do curso académico 2017-2018 o Centro dispón dun novo dominio: cmusvigo.gal.

1.3 Plan de Igualdade do CMUS Profesional de Vigo

1.3.1 XUSTIFICACIÓN

Por que é necesario un plan de igualdade nun centro educativo, e en particular, no Cmus Profesional de Vigo? A pesar do recollido na Constitución española e nas recentes modificacións legislativas ao respecto da igualdade de xénero que amparan a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de identidade afectivo-sexual e identidade de xénero, a realidade amósase desigual, con prexuízos sexistas presentes na sociedade e polo tanto, tamén nas escolas e centros educativos.

Desenvolver e aplicar un plan de igualdade é unha tarefa complexa, que abranque moitos aspectos diferentes. Os prexuízos nos que fomos enculturados e que se siguen perpetuando a través dos diferentes axentes sociais como a familia, os medios de comunicación, etc. necesitan dunha reflexión constante e profunda. É precisamente esta reflexión o primeiro chanzo neste camiño que apenas principiamos. Poñamos un exemplo práctico relacionado coa música como é a escolla de instrumento. Aínda que parecemos libres para escoller o instrumento que queremos tocar, son moi poucas as nenas que deciden tocar a tuba. Por que? Non hai ningunha norma escrita que impida facer esa escolla, pero si existen convencións sociais que establecen que a tuba é un instrumento “pouco feminino”. Estas mesmas convencións establecen diferencias á hora de escoller cores, deportes, xogos, roles, etc. Segundo datos do Ministerio de Educación, a medida que se avanza na carreira profesional (estudos, xoves orquestras e orquestras profesionais), o número de mulleres instrumentistas descende. As mulleres son o 55% dos estudantes dos conservatorios en España mentres que a súa presenza é do 46% en xoves orquestras e diminúe ata o 34% de instrumentistas en orquestras españolas (case na media europea, que está no 35%).



Datos obtenidos del Ministerio de Educación, 31 orquestas españolas y 10 jóvenes orquestas españolas - Elaboración propia

Por que ocorre isto? Son mellores os homes que as mulleres como instrumentistas e por iso son contratados en maior medida ou haberá outras razóns?

A reflexión sobre os prexuízos é necesaria para a identificación de situacións de discriminación que poden conducir a situacións de desigualdade, pero tamén de violencia de xénero e acoso escolar. É necesario visibilizar os prexuízos sexistas e axudar a unha maior concienciación sobre a existencia dos mesmos para poder combatilos. Cómpre traballar para conseguir un centro coeducativo que sirva como axente de cambio, no que as mensaxes transmitidas non sexan diferentes en función do sexo e que poida compensar as desigualdades existentes na sociedade. Buscamos un centro que non se conforme coa igualdade formal existente e que siga traballando ata acadar a igualdade real.

1.3.2 MARCO LEGAL

Normativa estatal

Constitución española de 1978

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional

Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero



Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Normativa autonómica

Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

PRINCIPIOS BÁSICOS

Transversalidade: a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.

Sociedade igualitaria: a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

Inclusión e integración da diversidade: A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

1.3.3 ANÁLISE DO CENTRO

Accións de diagnose

Comparar o número de mulleres e homes que integran diferentes grupos de persoas existentes no centro.

Datos extraídos do curso académico 2022/2023

GRUPO	MULLERES	HOMES
Alumnado en Grao Elemental		
Alumnado en Grao Profesional		
Equipo directivo		
Profesorado		
Xefaturas de departamento		
Consello Escolar		
Coordinacións: biblioteca, tics, EDLG, ...		
PAS - limpeza		
PAS - conserxería		
PAS - persoal administrativo		

Matriculación en función dos diferentes departamentos/instrumentos

GRUPO	MULLERES	HOMES
Canto		
Tecla		
Vento metal		
Vento madeira		
Música tradicional		
Percusión		

Alumnado que remata os estudos profesionais

MULLERES	HOMES

Alumnado que se presenta a premio extraordinario.

MULLERES	HOMES

Alumnado que obtén premio extraordinario.

MULLERES	HOMES

Alumnado que seguirá con estudos superiores

MULLERES	HOMES

Revisar a documentación do centro e reportar a existencia ou non de linguaxe inclusiva.

Comprobar a existencia ou non de protocolos de prevención e actuación en caso de detectarse situacións de acoso escolar ou agresión sexual.

Realizar unha análise crítica dos materiais didácticos empregados no centro.

Comprobar se se realizan actividades relacionadas coas liñas expostas nas finalidades deste plan de igualdade.

Analizar os carteis colgados polos corredores e aulas do centro para descartar a existencia de mensaxes sexistas nos mesmos.

1.3.4 LIÑAS DE ACTUACIÓN

Coeducación: Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

Dinámicas: Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

Perspectiva de xénero: Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).

Convivencia: Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

Relacións e roles: Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas

para todos os membros da comunidade.

Prevención: Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

1.3.5 FINALIDADES

1. Coeducación	Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e o principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do centro.
	Facilitar o desenvolvemento do traballo en rede e visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino, especialmente no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade.
	Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos
	Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
	Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
2. Dinámicas	Adaptación de materiais de apoio e orientacións para afondar no desenvolvemento da competencia social e cidadá desde a igualdade e non discriminación.
	Visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino.
	Achegas de disposicións curriculares en materias de libre configuración ou de oferta autonómica nas distintas etapas educativas.
	Posta a disposición dos centros de recursos, estratexias, metodoloxías, materiais, encamiñados a crear espazos e tempos de convivencia non estruturados (recreos, entradas e saídas, comedores escolares, clubs de lectura, etc) libres de roles de xénero.
	Participación de axentes sociais diversos nos proxectos coeducativos como apoio e complemento que permita visibilizar a diversidade social.
	Actuacións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa e difusión das boas prácticas realizadas polos centros de ensino no marco deste plan.



3. Perspectiva de xénero	Visibilización de roles non marcados na orientación educativa e profesional.
	Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva
	Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, tanto de educación primaria e secundaria como de Formación Profesional, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.
	Formación, a través das Escolas de Nais e Pais e doutros axentes socio-educativos relacionados, da necesidade de potenciar os talentos persoais como referentes en todos os ámbitos en pé de igualdade.
4. Convivencia	Establecemento de ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.
	Elaboración e posta a disposición dos centros educativos de todos os niveis de materiais e orientacións para a abordaxe da educación afectiva e sexual desde o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.
	Colaboración con axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa galega, independentemente do nivel e réxime de escolarización.
5. Relacións e roles	Fornecemento de programas e materiais sobre a socialización preventiva da violencia de xénero baseados en evidencias científicas.
	Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).
	Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc).
	Investigación e orientacións derivadas dela, en materia convivencia no que respecta á diversidade de xénero e afectivo, sexual, así como á igualdade e non discriminación.

6. Prevención	Elaboración de programas educativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.
	Elaboración de protocolos de actuación para dar resposta ás necesidades dos centros (prevención, identificación, atención, denuncia) co fin de atender as súas realidades.
	Correlación con outros programas e protocolos en materia de diversidade e convivencia, tanto dentro da propia CCEOU como con outros axentes socio-educativos, sanitarios e de benestar.
	Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais e con xustiza.
	Orientacións para favorecer a non-discriminación e a eliminación de estereotipos na reforma e creación de novos espazos: perspectiva de xénero na organización e no aproveitamento dos espazos
	Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero

1.3.6 **OBXECTIVOS**

Ademais das finalidades extraídas do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o Cmus Profesional de Vigo propón os seguintes obxectivos específicos e por axentes:

1.3.6.1 **Obxectivos xerais**

Crear unha comisión de igualdade no centro.

Actualizar os datos nas táboas de diagnose cada curso escolar para poder analizar os resultados en función do tempo e adoptar medidas encamiñadas a unha maior igualdade.

Reflexionar sobre os resultados das táboas de diagnose, elaborar unha análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) e idear accións en consecuencia dos mesmos.



Revisar as programacións de cada unha das materias impartidas no centro dando visibilidade á presenza das mulleres na música (compositoras, intérpretes, directoras de orquestra, etc.) e explicando a súa ausencia de ser o caso.

Ampliar o abano de coñecementos, disciplinas, saberes... buscando unha maior autonomía persoal que poida garantir a liberdade de elección do alumnado con respecto aos camiños dispoñibles no centro (instrumento, itinerario, optativas, etc.)

Promover un cambio actitudinal por parte das persoas que integran a comunidade educativa con respecto a igualdade entre homes e mulleres e a igualdade de trato co colectivo LGTBI.

Analizar os roles con perspectiva de xénero facendo especial atención naqueles espazos de sociabilidade que se xeran nas aulas colectivas: orquestra, banda, coro, linguaxe, etc.

Adoptar medidas para a eliminación da linguaxe sexista nas comunicacións orais e escritas da comunidade educativa (comunicacións internas, institucionais, coa comunidade educativa, nas comunicacións institucionais e coas familias, coa cidadanía e na documentación oficial do centro).

Formular as normas de convivencia facendo fincapé na tolerancia á diferenza, co fin de superar todas as desigualdades, discriminacións e violencias.

Respectar e aceptar ás características das outras persoas sen deixarse influír por actitudes discriminatorias relacionadas co sexo, orientación sexual e identidade de xénero.

Participar de maneira igualitaria na realización de actividades grupais no centro, deixando espazo aos demais e repartindo a responsabilidade de maneira equitativa.

Establecer os mecanismos para que toda a comunidade respecte ás demais persoas, e no caso das persoas “trans-” dirixíndose a elas co nome e xénero elixidos, sen cuestionar a súa identidade.



Fomentar as vocacións femininas naquelas áreas nas que a súa presenza estea infrarrepresentada evitando limitar as escollas en base a prexuizos.

Crear protocolos de actuación en caso de acoso sexual e violencia de xénero.

Fomentar a participación e a paridade nos órganos de representación do centro.

1.3.6.2 Obxectivos por axentes

Profesorado

Coñecer a lexislación educativa en materia de igualdade

Formarse en igualdade de xénero e coeducación

Reflexionar sobre a educación recibida, analizar os prexuizos baseados no sexismo e a homofobia e tratar de cambiar todo aquilo que poida influír negativamente no noso alumnado.

Converter o centro nun espazo seguro para a convivencia

Identificar factores de risco e factores protectores ante a violencia

Fomentar o espírito crítico ante as desigualdades.

Alumnado

Reflexionar sobre o prexuízo e a inxustiza que supón a asignación de roles en función do sexo.

Respectar a libre elección na orientación sexual e identidade de xénero.

Adoptar unha actitude activa no rexeitamento de todo tipo de comportamento sexista e homofóbico, na non participación de actitudes de acoso e na defensa de persoas violentadas.

Reflexionar sobre os roles de xénero e actitudes estereotipadas, especialmente no mundo da música.

Familias

Coñecer os problemas que poidan acontecer en cada etapa evolutiva, sobre todo



no relacionado coas relacións afectivo-sexuais.

Resolver os conflitos mediante o diálogo, creando climas de confianza que permitan unha máis fácil comunicación entre todos os membros.

Repartir de maneira xusta e equilibrada as tarefas domésticas

Repartir de maneira xusta e equilibrada as tarefas de coidado tanto de descendentes como ascendentes.

Orientar a fillas e fillos no seu camiño profesional atendendo ás súas preferencias, capacidades e intereses libremente, sen estereotipos de xénero e orientación sexual.

1.3.7 MEDIDAS E ACTUACIÓNS

Todas as que figuran no I plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia. De entre as 27 propostas, destacamos as seguintes:

M.1: Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.

M.2: Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.

M.6: Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

M.8: Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos

M.11: Identificar os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado

M.15: Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade

M.22: Realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

M.25: Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de este-reotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.

M.26: Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de este-reotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.

M.27: Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

1.3.8 SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA

Na busca dunha mellora continua, o seguimento e avaliación do Plan de Igualdade serán fundamentais e indispensables. A avaliación do plan será continua e permitirá:

Coñecer a efectividade das medidas propostas para a consecución de obxectivos.

Modificar (ampliar, substituír, cambiar...) aqueles aspectos que necesiten mellora, tanto na fase de diagnose como na de medidas e accións.

Coñecer os puntos fortes e febles do noso plan

Avaliaremos o grao de coordinación do profesorado, a implicación por parte dos diferentes colectivos da comunidade educativa e das familias e poremos especial atención nas actitudes do alumnado

Empregaremos os seguintes instrumentos de avaliación:

Observación

Táboas de cotexo de comprobación da efectividade das medidas en función das liñas de actuación propostas

Enquisas para coñecer a situación do centro

Recollida de datos cuantitativos e cualitativos



Ademais realizaremos unha memoria final onde se reflectirá o grao do cumprimento do plan, obxectivos acadados e non acadados, actividades realizadas e non realizadas e un apartado de propostas de mellora.

1.4 Plan de Atención á Diversidade

1.4.1 INTRODUCCIÓN

A diversidade no alumnado é unha realidade nos centros educativos, a cal debe ser atendida por todos os docentes a través dos principios de inclusión, garantizando o seu desenvolvemento, favorecendo a equidade e a maior cohesión social posible. Do mesmo xeito, constitúe unha necesidade en todas as etapas de ensino que abarca a todo o alumnado, co cal as medidas e accións para a atención as necesidades específicas de apoio educativo deben ter en conta a flexibilidade na resposta educativa, a prevención nas actuacións e a atención personalizada. De ahí a necesidade de elaborar e sistematizar un Plan Xeral de Atención a Diversidade no que participen todos os sectores da comunidade educativa, dando resposta as necesidades neste ámbito. Un Plan que debe ser entendido como un conxunto de actuacións, medidas organizativas, apoios e reforzos diseñados polo centro para proporcionar sempre aos estudantes as respostas educativas mais axeitadas.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, e en cada comunidade educativa. Por este motivo, a resposta educativa á diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensinanza, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Por outra banda, este mesmo Decreto establece que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes característi-

cas e necesidades, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Do mesmo xeito, tamén figuran reflectidos os principios xerais que, en sintonía cos principios e cos fins da educación, segundo a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inspiran e orientan o noso sistema educativo, e que contribuirán a que esa diversidade represente todo un valor e un enriquecemento para o conxunto da sociedade, garantindo unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

Nesta mesma liña a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 71.2, indica que corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

1.4.2 CONCEPTOS

No presente apartado descríbense unha serie de conceptos que permitirán unha mellor comprensión deste Plan.

1.4.2.1 Atención a diversidade

Entendese por atención á diversidade (Decreto 229/2011, art. 3) o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

1.4.2.2 Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo (LOE art. 71.2) son

aqueles/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

1.4.2.3 Alumnado con necesidades educativas especiais

Conforme o artigo 73 da LOE, o alumnado que presenta necesidades educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

1.4.2.4 Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Enténdese por alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural por aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

1.4.2.5 Alumnado con altas capacidades intelectuais

O alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación. Sen prexuízo do anterior, considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

1.4.3 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1.4.3.1 Contexto normativo

De conformidade co artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o plan xeral de atención á diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, concretando todas as actuacións e medidas que un centro docente diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Polo tanto, o presente plan, elaborado atendendo ao establecido no artigo 11 do mesmo Decreto, e á Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 220/2011, do 7 de decembro, representa o deseño e a organización do CMUS Profesional de Vigo, dentro da nosa autonomía e segundo as nosas características, para atender, considerando os principios de equidade e inclusión, á totalidade do alumnado, facendo explícitas as circunstancias do centro, o xeito de entender e de atender as singularidades dos discentes, o conxunto de medidas co que contaremos para facer realidade a equidade en contextos metodolóxicos inclusivos, a optimización na distribución e/ou organización dos recursos, o compromiso de asesoramento e de colaboración coas familias e as formas de realizar o seguimento e a avaliación de toda actividade levada a cabo ao respecto.

Sen embargo, cabe destacar que dita normativa citada e á que nos adaptaremos refírese ás Ensinanzas de Réxime Xeral, sen citar ou referirse en ningún momento á tipoloxía de centros da nosa natureza, constatando unha carencia en canto a disposicións legais relativas á atención á diversidade nas Ensinanzas de Réxime Especial, que se fan patentes na ausencia de: unha figura clave en todo este proceso, o orientador, que imposibilita a realización de informes psicopedagóxicos; un departamento de orientación, como eixo de toda intervención desta



natureza; unha formación do profesorado específica en atención a diversidade; e, así mesmo, establecer mecanismos de intercambio de información entre os centros educativos de primaria e secundaria, e o propio conservatorio.

En consecuencia con todo o exposto con anterioridade, devandito plan debe ter en conta o artigo 7 do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, que establece uns requisitos de acceso a través dunha proba específica que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade e a Circular 4/2008, pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das Ensinanzas de Réxime Especial de Música; así como, o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, que regula o acceso ao primeiro curso de grao profesional, para o cal se debe superar unha proba específica na que se valora a madureza, as aptitudes e os coñecementos, de acordo cos obxectivos establecidos no propio Decreto.

1.4.3.2 Características do centro

O Conservatorio Profesional de Música de Vigo é un Centro público dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, creado no ano 2003. O Centro conta con instalacións axeitadas as ensinanzas musicais, inda que sería recomendable a ampliación de espazos para a demanda existente na cidade de Vigo.

O Conservatorio profesional de música de Vigo atópase no enderezo rúa Fotógrafo Felipe Prósperi s/n, entre a Avenida da Florida e Praza da Miñoa da cidade de Vigo. A actividade musical da zona xira en torno á existencia de un grande número de bandas populares e coros, así como escolas de música públicas e privadas onde un gran número de alumnado recibe unha formación musical inicial. A maiores da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realízanse diferentes actividades extraescolares e complementarias co obxectivo de completar a formación do alumnado: concertos, conferencias e cursos de especialización, e outros.

1.4.3.3 Ensinanzas que imparte

O ensino que se imparte no Conservatorio Profesional de Música de Vigo está

regulada pola Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación e polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos das ensinanza profesional de música; así como tamén polos Decretos 198/2007, do 27 de setembro e 203/2007, do 27 de setembro, nos que se regula o grao elemental e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.4.3.4 Contexto sociocultural e económico

A zona de influencia do Centro é Vigo e a súa contorna, onde a maioría do alumnado pertence á bisbarra de Vigo, agás algúns que veñen para cursar especialidades que non se imparten noutros conservatorios da provincia. As principais motivacións para o estudo neste Centro son: obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música; calidade da ensinanza ; e ubicación do Conservatorio Por conseguinte, o contexto socio-cultural do noso centro é diverso.

En liñas xerais, as familias do alumnado pertencen a unha clase social media, considerando importante o estudo da música na formación dos seus fillos/as. Así mesmo valoran positivamente a educación recibida e a preparación académica do profesorado do Centro e a integración no mesmo do alumnado con necesidades específicas. Así mesmo, valórase a numerosa e variada oferta de concertos abertos ao público, que abrangue todo tipo de música. As familias relaciónanse co profesorado a través das titorías, destacando a facilidade de comunicación co profesorado do Centro a raíz dos cambios introducidos no curso 2011/2012 no Plan de Acción Titorial e no sistema de solicitude das mesmas. O mesmo que en toda a comunidade educativa, existe unha gran preocupación por ter que cursar simultaneamente estudos obrigatorios e artísticos en Centros diferentes, ubicados en espazos separados, pois isto leva problemas de horarios e transporte. Ademais no Conservatorio existe unha asociación de pais e nais de alumnos (ANPA), a cal colabora estreitamente co Centro nas actividades nas cales demandase a súa colaboración.

1.4.3.5 Características e tipoloxía do alumnado

O Conservatorio Profesional de Música de Vigo conta na actualidade, con 551

postos escolares.

A procedencia do noso alumnado varía segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría dos discentes do grao elemental pertencen á bisbarra de Vigo, agás algúns que veñen para cursar especialidades que non se imparten noutros conservatorios da provincia.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son: a obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música; a calidade da ensinanza; e a ubicación do conservatorio.

Na actualidade o Centro conta con alumnado con discapacidade visual total ou parcial, para o cal realizáronse distintas actuacións como adaptacións en canto a acceso as aulas, edición de partituras e/ou formación do profesorado en musigrafía Braille.

1.4.4 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 71.2, clasifica o alumnado que require atención educativa diferente á ordinaria (alumnado con necesidade específica de apoio educativo) nos seguintes tipos:

- a) Por presentar necesidades educativas especiais que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas dunha discapacidade intelectual ou física, ou ben por trastornos graves de conduta.
- b) Por atraso madurativo.
- c) Por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación.
- d) Por trastornos de atención ou de aprendizaxe.
- e) Por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
- f) Por encontrárense en situación de vulnerabilidade socio educativa.
- g) Polas súas altas capacidades intelectuais.



- h) Por térense incorporado tarde ao sistema educativo.
- i) Por condicións persoais ou de historia escolar.

Para a detección das necesidades do alumnado seguiranse unha serie de pasos nos que intervirán diferentes membros da comunidade educativa, segundo co-respondan.

1.4.4.1 Probas de acceso e matrícula

Recepción de información: as nais, pais e/ou titores legais do alumnado deberán poñerse en contacto co centro e facilitar toda aquela información que sexa relevante para xustificar a necesidade dalgún tipo de apoio educativo, mediante os informe/s médico/s ou psicopedagóxicos oficiais existentes. Posteriormente, o Centro comunicárase co Servizo de Inspección Educativa e procederáse a actuar segundo corresponda co fin de adaptar a resposta do centro a esa necesidade en función do momento da solicitude (proba de acceso, matrícula, curso académico, etc.).

1.4.4.2 Avaliación Inicial

Avaliación inicial: o xefe de estudos reunirá ao equipo docente do alumnado para informar da situación. Posteriormente, e independentemente da información recibida, levarase a cabo unha avaliación inicial en cada materia para comprobar o nivel de competencia curricular e proceder ao deseño da actuación requirida.

Resposta educativa: tomaranse as medidas necesarias para dar unha resposta o máis normalizada posible dentro da aula, segundo as circunstancias particulares do alumnado, de xeito que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe.

Seguimento do proceso: O equipo docente procederá a realizar mensualmente un seguimento do progreso do alumno ou alumna no que se valorará a incidencia e a eficacia das medidas tomadas.

Titorías coas familias: levaranse a cabo reunións nas que o titor ou titora informará ás familias de cada unha das medidas que se estean a levar a cabo, da súa incidencia no progreso dos estudantes, e de calquera outro asunto relevante

para o proceso de ensino-aprendizaxe.

No caso de que o alumnado, por razóns de idade non se atope matriculado nou- tro centro educativo e careza dun informe psicopedagóxico que estableza unha necesidade específica de apoio educativo, solicitarase á Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra a intervención dunha persoa do Equipo de Orientación Específico da provincia.

1.4.5 OBXECTIVOS

Co fin de adecuar a resposta educativa á atención a diversidade, os obxectivos que pretende alcanzar este plan son os seguintes:

- a) Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción edu- cativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes ensinanzas.
- b) Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección tem- perá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade do alumnado.
- c) Establecer un marco común de actuación en materia de atención á di- versidade para todo o profesorado do centro, que sirva de guía e á súa vez regule a unificación de criterios á hora de levar a cabo a resposta educativa.
- d) Planificar propostas educativas diversificadas e adaptadas ás necesida- des dos estudantes, ao mesmo tempo que se promove a convivencia, a non dis- criminación e o respecto polas diferenzas.
- e) Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar res- posta ás necesidades de todo o alumnado e, en particular, daquel con necesi- dade específica de apoio educativo.
- f) Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- g) Promover a implicación das familias do alumnado no proceso educativo.
- h) Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e



innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

- i) Promover a colaboración entre os diferentes profesionais que interveñen na educación do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo, tanto do noso centro como dos centros de referencia nos que se atopen escolarizados.
- j) Establecer mecanismos de colaboración e coordinación con outras institucións e/ou asociacións da nosa contorna relacionadas ca atención a diversidade.

1.4.6 ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo se establece na Sección 2ª do Capítulo II do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, por medidas de atención á diversidade enténdense aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado, clasificándoas en ordinarias e extraordinarias.

Pola natureza dos nosos estudos, as medidas que se desenvolverán serán as ordinarias; é dicir, aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural e ás características do alumnado do centro, coa finalidade de dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e estarán destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas.

Entre as medidas ordinarias susceptibles de ser empregadas para a atención á diversidade no noso centro atópanse:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- b) Adecuación das programacións didácticas ao contexto e competencia curricular do alumnado. Estas levaranse a cabo sempre sen eliminar nin cambiar os elementos prescriptivos do currículo, afectando á metodoloxía, avaliación e priorización de obxectivos e/ou contidos (cambios na temporización).
- c) Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos, materiais, procedementos e/ou instrumentos de avaliación.
- e) Desdoblamento de grupos.
- f) Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- g) Atención educativa virtual.
- h) Solicitud de apoio especializado ao Equipo de Orientación Específico da provincia de Pontevedra.

A posta en práctica desta tipoloxía de medidas nas diferentes materias ou especialidades por parte do profesorado virá marcada en todo momento polas necesidades e circunstancias particulares do alumnado. Nas programacións didácticas poderanse recoller aquelas actuacións susceptibles de ser empregadas, así como a metodoloxía para a súa posta en práctica, pasando a concretarse e detallarse cada unha delas na programación de aula.

Todas estas medidas, así como outras posibles, rexeranse en todo momento polos seguintes principios xerais de actuación:

- a) A atención á diversidade tomará como referencia os principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
- b) A atención á diversidade abranguerá a totalidade do alumnado, quen

deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

- c) As decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión do centro tomáranse tendo en conta a atención á diversidade.
- d) As accións preventivas e a detección temperá terán un carácter prioritario, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
- e) Na resposta educativa á diversidade daráselle prioridade ás medidas de carácter ordinario e normalizador.
- f) A intervención educativa basearase, na medida do posible, nun enfoque multidisciplinar e de colaboración entre os diferentes profesionais.
- g) As nais, pais e/ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades dos seus fillos/as, así como das medidas que se adoptarán para a súa atención no centro.
- h) Promoveranse a formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade para a mellora continuada da calidade educativa.

1.4.6.1 Ordinarias

Antes de establecer as actuacións e medidas ordinarias e específicas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, presentaremos as actuacións para a realización das probas de acceso ao Centro:

As familias deben solicitar unha proba de acceso indicando que é unha solicitude de proba adaptada, e axuntar información relevante para xustificar a necesidade dalgún tipo de apoio educativo, así como informes médicos ou psicopedagóxicos oficiais.

As familias deben comunicar, a través dunha entrevista en directo ou vía telefónica, o tipo de apoio que precisa o alumnado.

No proceso da proba interveñen: o xefe de estudos, inspección educativa e os

tribunais das probas de acceso.

A adaptación da proba realizarase, previa comunicación do equipo directivo a inspección educativa, sobre a necesidade de adaptación e, a través dos tribunais os cales poderán solicitar información aos departamentos didácticos.

A avaliación realizarase en función dos criterios establecidos para a as probas de acceso de carácter xeral.

A principio de curso seguirase o protocolo de acollida de alumnado e solicitarase unha entrevista entre as familias e o tutor.

1.4.6.2 Organizativas

Os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios dos diferentes departamentos didácticos velarán pola adecuación da estrutura organizativa á diversidade do alumnado, aplicando unha visión inclusiva, de equidade, de heteroxeidade e de optimización dos recursos do conservatorio.

O xefe de estudos poderá reducir ou modificar a ratio das clases grupais cando o alumnado matriculado presente necesidades específicas de apoio educativo, co fin de facilitar a atención individualizada e adaptada a todo o alumnado, así como fomentar a socialización e a relación entre iguais. Para levar a cabo esta acción o xefe de estudos poderá consultar ao docente da clase grupal con anterioridade ao inicio de curso, co fin de decidir o número e as características do grupo, o cal deberá ter unha ratio de alumnado igual ou inferior a establecida.

As pautas comúns de traballo co alumnado con necesidade específica de apoio educativo estableceranse no comezo de curso académico entre a xefatura de estudos e os docentes implicados.

Previamente á avaliación ordinaria, realizarase un seguimento do alumnado por parte do profesorado que imparte as distintas materias, no cal se valore o progreso e se estableza a necesidade de modificar contidos, reforzos, metodoloxía, así como instrumentos e procedementos de avaliación. Este seguimento será enviado a xefatura de estudos e compartido con todo o profesorado implicado.

No caso de realizar adecuacións a programación, o profesorado correspondente

deberá presentar un informe de avaliación individualizado e adaptado cós contidos e a metodoloxía aplicada nas sesións de avaliación trimestral. Así mesmo, o profesorado titor realizará unha entrevista coas familias no momento da entrega trimestral de cualificacións, e informará do traballo realizado nas distintas materias, así como as adaptacións levadas a cabo.

1.4.6.3 Adecuacións das programacións

Os departamentos didácticos, nas súas programacións, deberán incluír as medidas de atención á diversidade de acordó co presente Plan, co fin de lograr que o maior número de alumnado poida alcanzar os obxectivos propostos.

O profesorado desenvolverá as programacións didácticas adecuadas á programación de aula. As adecuacións das programacións son estratexias para levar a cabo procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de tal forma que respondan á súa diversidade individual. O deseño de estas estratexias a desenvolver na aula refírense a tempos, espazo, materiais, comunicacións que non afectan ao currículo, metodoloxía e instrumentos ou procedementos de avaliación, tales como: deseñar actividades de enseñanza – aprendizaxe variadas con diferentes niveis de dificultade; establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos; ter en conta diferentes tempos na realización das actividades en función das necesidades do alumnado; aplicar criterios de avaliación que contemplan diferentes graos de logro; ou incluír actividades de reforzo, recuperación e ampliación.

1.4.6.4 Acción titorial

O titor ou titora é o responsable da coordinación e seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado con necesidade específica de apoio específico, así como da comunicación e información cas familias. O profesorado titor ten a responsabilidade de coñecer o seguimento do alumnado (ANEAE) previo as sesións de avaliación trimestrais, así como de realizar, cando menos, reunións trimestrais cas familias para informar da avaliación en cada unha das materias cursadas e, de ser o caso, das adaptacións realizadas.

1.4.6.5 Reforzo educativo

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta á secuencia de contidos, os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe. Comprende as medidas ordinarias deseñadas polo profesorado co fin de dar resposta ao alumnado con dificultades no seguimento da programación e así profundizar no desenvolvemento de determinados contidos, modificando a metodoloxía, espazos, tempos ou agrupamentos, así como as que se desenvolverán na actividade lectiva posterior á avaliación final ordinaria.

O profesorado de cada materia establecerá o reforzo correspondente (dentro ou fora da aula e a súa frecuencia) e podrá contar co apoio do profesorado do departamento con dispoñibilidade horaria previa autorización da xefatura de estudos. O reforzo educativo debe contar ca autorización das familias do alumnado o cal vai dirixido.

1.4.6.6 Programas específicos

Para o alumnado con dificultades de inserción e/ou adaptación escolar, co fin de favorecer a súa integración no Centro e promover a adquisición dos obxectivos mediante unha metodoloxía adaptada as súas necesidades e interéses, deseñaranse programas específicos nos que o Centro poderá solicitar axudas a institucións públicas ou privadas (facilitación de materiais, orientación nas características de socialización, aprendizaxe e interacción co resto do alumnado, etc.).

1.4.6.7 Extraordinarias

Poderanse considerar como medidas extraordinarias, aquelas que estén recollidas nos Decretos 198/2007, do 27 de setembro e 203/2007, do 27 de setembro, polos que se regula o grao elemental e profesional de música na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.4.7 CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Os criterios prioritarios para a optimización dos recursos e aplicación das medidas na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo serán:

Distribución e organización equitativa dos recursos.

Adecuación na organización dos recursos seguindo unha visión de heteroxeneidade e de optimización.

Adaptación da estrutura organizativa do centro aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.

Participación de todo o alumnado na organización e xestión da aula promovendo a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida.

Adecuación das programacións didácticas e o estilo pedagóxico ao alumnado e a súa contorna.

1.4.7.1 Recursos materiais

O Centro conta co equipamento material necesario para atender as necesidades educativas da totalidade do seu alumnado, entre as cales está a accesibilidade ás súas instalacións e/ou dependencias. O Centro demandará a Consellería de Educación os recursos necesarios para dar resposta as necesidades á atención a diversidade, relacionados con: equipamento, materiais educativos específicos, servicios complementarios adaptados ao alumnado, así como accesibilidade das instalacións e dependencias para todo cando se determine a súa necesidade nos informes correspondentes.

O Conservatorio, dentro da súa autonomía, distribuirá e optimizará os seus recursos segundo a súa planificación educativa e o propio plan de atención a diversidade.

1.4.7.2 Recursos humanos

O Conservatorio non conta con profesionais especializados (profesorado de

orientación, persoal auxiliar cuidador, profesorado especialista de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, persoal intérprete de lingua de signos, etc) para atender as necesidades do alumnado Así pois, no caso de que xurdan dita necesidade, procederase á súa solicitude segundo os términos establecidos na normativa actual.

Segundo o artigo 38, punto 3 do Decreto 229/2011, a Consellería realizará dotacións excepcionais de profesorado de pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe, así mesmo o punto 4 do citado artigo, establece que a organización da atención do alumnado será realizada pola xefatura de departamento de orientación, un departamento que non existe no organigrama dos conservatorios, feito polo cal a atención do alumnado que o así o requira será liderada pola xefatura de estudos e realizada polo docente no cal delegue.

1.4.8 ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

As medidas xerais de atención á diversidade de cada materia deberán constar nas programacións didácticas, e as específicas que se poñan en funcionamento cada curso escolar para dar resposta ás necesidades do alumnado recolleranse en informes individualizados que elaborará e incluírá no seu caderno o profesorado que as implemente, levándose a cabo o seu seguimento segundo a temporización que estableza o departamento ao que pertenza.

En canto ás medidas ordinarias xerais susceptibles de poñerse en práctica terase en conta o seguinte:

O equipo directivo asumirá ou liderará as actuacións relacionadas coa adecuación da estrutura organizativa do centro e dos seus recursos, mediando na elaboración dos horarios do alumnado, de ser preciso, e velando por unha axeitada distribución das aulas e/ou dos espazos.

En canto ás programacións didácticas, o profesorado valará porque sigan as liñas metodolóxicas da inclusión da diversidade, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da recuperación e da relación coa contorna e coas diferentes institucións, e adecuará as mesmas ao nivel de

competencia de cada alumna e/ou alumno e ás axudas que precise.

Á hora da planificación docente, o profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe segundo a materia, os espazos e os tempos que correspondan.

En canto á adaptación dos tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación de cada materia, o profesorado terá en conta as circunstancias do seu alumnado, tendo unha consideración especial no caso daquel con necesidades específicas de apoio educativo. Para estas adaptacións terase en consideración a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas e a verificación da súa comprensión, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos imprescindibles e a concesión do tempo necesario.

En canto ao reforzo educativo, esta medida afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinada ao alumnado que, coa modificación dos elementos citados, pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe, e será elaborada polo profesor ou profesora de cada materia en que sexa necesaria dita actuación, aínda que en determinados casos poderá ser levada a cabo por outro profesorado con dispoñibilidade horaria.

En canto á atención virtual, estudarase esta posibilidade entre o equipo directivo e equipo docente, para aquel alumnado vulnerable ou que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, para o cal as comisións provinciais de seguimento, creadas para tal efecto, determinen como xustificada a súa ausencia.

En canto ao apoio especializado polo Equipo de Orientación Específico, este será requirido naqueles casos puntuais nos que se precise unha resposta máis significativa ou concreta para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

1.4.9 Mecanismos de coordinación e colaboración

De conformidade co capítulo VII do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e co artigo 4 da orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade debe promover a participación de todos os sectores que colaboran na educación do alumnado, así como a coordinación das súas actuacións, polo valor educativo que teñen eses aspectos e por entender que na educación debe participar o conxunto da sociedade.

É por esa razón que consideramos a atención á diversidade como un labor compartido coas familias e coas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro que teñan entre as súas competencias e/ou fins a prevención, a detección temperá e, de ser o caso, a intervención educativa con determinados alumnos e alumnas.

En canto aos potenciais entes colaboradores dividirémolos en internos e externos, segundo formen parte da comunidade educativa ou non.

1.4.9.1 Internos

Claustro de profesores

A coordinación das actividades docentes figura entre as numerosas funcións do profesorado, e levarase a cabo tanto a través das reunións de departamento como nas da Comisión de Coordinación Pedagóxica e nas reunións do claustro e sesións de avaliación.

Familias

Consideramos a función titorial do profesorado como o aspecto con maior potencial para a integración das familias na práctica educativa, entendendo tanto ás familias consideradas de xeito individual como ás asociacións de nais e pais do alumnado. Por tal motivo, tratarase de promover a súa participación na vida do propio centro, establecendo e concretando os espazos e os modos desa participación nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

1.4.9.2 Externos

Entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro

Co fin de poder orientar e axustar a atención educativa á diversidade de circunstancias, situacións e realidades das alumnas e dos alumnos, poderán establecerse acordos con distintas entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro, aproveitando as súas potencialidades en canto á participación e colaboración co noso centro.

Entre centros docentes

A coordinación entre centros docentes considérase un mecanismo de inclusión do alumnado polo seu valor no coñecemento e no axuste inicial á realidade de cada alumna e de cada alumno. En consecuencia, poderán deseñarse actuacións destinadas a facilitar e/ou a obter ese coñecemento inicial.

Segundo establece o artigo 90.2 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 220/2011, do 7 de decembro, cando unha alumna ou un alumno se trasladen dun centro docente a outro, o centro de procedencia debe facilitar ao de destino a información relevante sobre o seu proceso educativo, a metodoloxía seguida e as medidas de atención á diversidade coas cales contou. Esa información trasladarase, de ser o caso, segundo o disposto na normativa que regula a avaliación e/ou os procesos de admisión do alumnado. Nos demais casos, a información que se traslade respectará o disposto nas normas que regulan a protección de datos de carácter persoal, en especial o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e trasladarase do centro de orixe ao de destino a través da nai, do pai ou das persoas titoras legais.

1.4.10 CANLES DE COLABORACIÓN

1.4.10.1 Nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado.

Segundo o artigo 87 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve



o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, corresponde a cada centro docente promover a participación das familias na vida do propio centro. Será un deber das nais, dos pais ou das persoas titoras legais, compartir o esforzo educativo, colaborando co centro docente en xeral, e co profesorado en particular, en todo o que teña que ver coa educación das súas fillas e dos seus fillos. En especial, deberán colaborar nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, do esforzo, da autoestima e da convivencia. Igualmente, se así se requirise, colaborarán nos procesos de avaliación inicial do alumnado nos termos que estableza o profesorado das diferentes materias ou especialidades.

As familias participarán no Consello Escolar en función dos procesos electorais que se establezan pola autoridade educativa de acordo á normativa vixente. Así mesmo, poderán participar na vida do Centro en calidade de membros da comunidade educativa a modo persoal, e de maneira asociativa a través da asociación de pais e nais do Centro.

No CMUS Profesional de Vigo consideramos a función titorial do profesorado como o aspecto con maior potencial para a integración das familias na práctica educativa, tal e como se recolle na sección IV do PEC, promovendo diferentes medidas para que as nais, os pais ou as persoas titoras legais reciban información e asesoramento sobre o labor educativo que se está a levar a cabo, sobre as posibilidades e formas de comunicación co profesorado e sobre a súa potencial participación na vida do centro, publicitadas tanto no documento anteriormente mencionado como na páxina web do centro.

A función titorial será unha peza clave na atención á diversidade, posto que o titor ou titora deberá ser o máximo responsable na coordinación e o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe, e na comunicación coas familias, aínda que non o único, xa que de xeito directo ou indirecto a función titorial tamén compete ao resto do equipo docente.

1.4.10.2 Servizos externos ao Centro

As canles de colaboración cos diferentes servizos externos ao Centro proporcionados por institucións ou asociacións relacionadas coa atención a diversidade

do alumnado levaranse a cabo a través do equipo directivo ou na persoa que delegue a dirección do Centro. Poderá solicitarse o servizo dos Equipos de Orientación Específicos, os cales son axentes de apoio a orientación educativa e profesional externa aos centros educativos, centrando as súas funcións na elaboración de materiais e recursos, así como en programas de intervención.

1.4.11 PROTOCOLO DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Segundo o Decreto 229/2011, as medidas extraordinarias son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario. Estas medidas solicitaranse ao Director, a través da secretaria, e aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario, sendo necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial e, se é o caso, informe xustificativo do servizo de orientación.

1.4.12 PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan Xeral de Atención a diversidade será obxecto de avaliación e seguimento polo Claustro, realizando un informe que se incorporará nas memorias finais anuais e, se fose o caso, establecerá propostas de mellora tendo en conta as propostas de concreción anual da PXA.

O equipo directivo, en coordinación cos diferentes departamentos didácticos, encargarse da elaboración da correspondente memoria final que, posteriormente, se dará a coñecer ao claustro.

Para a realización do seguimento e avaliación teranse en conta e incluíranse na memoria final de cada departamento as diferentes valoracións e análise de todas aquelas actuacións ou medidas de atención á diversidade empregadas polo profesorado implicado nas súas materias, xunto coas pertinentes propostas de mellora, de ser o caso. O Plan soamente se modificará no caso de que ditas propostas así o considerasen.

A avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade realizarase atendendo aos

seguintes indicadores:

Consecución dos obxectivos propostos no Plan.

Consecución dos obxectivos propostos para cada unha das medidas tomadas.

Grao de implicación dos departamentos e profesorado na aplicación, revisión e avaliación do Plan.

Grao de implicación dos responsables de cada unha das medidas propostas no Plan.

Pertinencia na avaliación, implementación, desenvolvemento, revisión e memoria de cada unha das medidas propostas no Plan.

Grao de colaboración e implicación das familias no desenvolvemento das medidas específicas propostas.

- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6043186
- 1 Papeleira
- 1 Papeleira con area
- 1 Reloxo de parede

● Cabina 4

- 3 Atril
- 1 Banqueta piano madeira
- 4 Cadeira verde
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Piano Stennach doado
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)

● Cabina 5

- 4 Atril
- 2 Cadeira verde
- 1 Caixa xorda Remo 10"
- 1 Marimba (4 oitavas y 1/3 A-C, lámina estreita) Bergerault
- 1 Metrónomo de corda Wittner
- 1 Papeleira
- 1 Percheiro (8)
- 1 Sillín baixo hidráulico
- 1 Soporte de caixa baixo Mapex
- 1 Timbal 20" Majestic corpo de fibra



- **Cabina 6**

- 5 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 3 Cadeira verde
- 4 Cadeira verde con pá
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6043211
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Pupitre verde

- **Cabina 7**

- 1 Apoia pé de metal
- 2 Atril
- 4 Cadeira verde
- 1 Espello
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)

- **Cabina 8**

- 3 Atril
- 5 Cadeira verde
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Piano eléctrico Kawai CL36
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)

1.9.13 Outros espazos

● **Sala do Profesorado**

- 4 Cadeira de sky
- 1 Cadeira negra
- 15 Cadeira profesor
- 1 Cefeteira Dolce Gusto
- 2 Clasificador de mesa
- 1 Cortiza (móbil)
- 1 Cortiza (fixa)
- 1 Encerado pequeno
- 1 Fonte de auga JGC
- 7 Mesa grande marrón
- 1 Mesa baixa
- 4 Mesa profesor
- 1 Moble de buzóns
- 2 Ordenador 21"(con teclado e rato) iMac
- 2 Ordenadores acoplados en monitor LG
- 2 Papeleira
- 1 Papeleira reciclaxe
- 1 Parella altofalantes NGS
- 3 Portafolletos
- 2 Rato Logitech M185
- 1 Regleta (4)
- 1 Regleta (5)
- 3 Regleta (6)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Router
- 2 Teclado LG K270
- 1 Teléfono fixo Panasonic
- 1 Teléfono fixo Siemens

● **Biblioteca**

- 1 Alfombra negra e branca
- 1 Alfombra verde
- 1 Altofalante portátil NGS (parella)
- 1 Auriculares (alumnado) Conceptronic
- 1 Auriculares (profesor) Sony
- 2 Auriculares (alumnado) SAMSON HP10
- 1 Buzón suxestións
- 1 Cadeira de oficina
- 14 Cadeira marrón
- 1 Cadeira profesor
- 2 Cadeira verde con pá
- 1 Cadro compositores
- 1 Deshumidificador LG
- 1 Equipo de son Home cinema 5.1 BOSE
- 1 Escaleira portátil
- 1 Estante cadrada (2x2) con 2 portas
- 1 Estante cadrada (4x2) con 4 caixóns
- 2 Estor opaco
- 3 Estor translúcidos
- 1 Flycase co equipo de son
- 1 Grampadora
- 1 Impresora HP Officejet 6500A Plus



- 1 Instrumento: Piano dixital Yamaha
- 1 Lámpada de mesa
- 1 Lector código de barras
- 2 Mando Panasonic Audio System N2QAHB000065
- 1 Mando Panasonic Audio System N2QAYB000555
- 1 Mando televisor pequeno
- 1 Mesa de consulta (dúas alturas)
- 4 Mesa de estudo
- 1 Mesa grande marrón
- 1 Mesa oficina con auxiliar
- 4 Mesas de audiovisuais
- 4 Monitor (alumnado) Medion
- 1 Monitor (profesor) ASUS
- 3 Ordenador (alumnado) Medion
- 1 Ordenador (profesor) Medion
- 2 Papeleira
- 2 Percha (8)
- 1 Proxector con mando OPTOMA
- 2 Rato (alumnado) Medion
- 1 Rato (alumnado) Logitech
- 1 Rato (profesor) Medion
- 1 Receptor de audio/vídeo con mando DENON AVR-1908
- 1 Regleta (3)
- 1 Regleta (5)
- 1 Regleta (6)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Reprodutor de DVD con mando DENON DVD-1740
- 3 Teclado ordenador (alumnado) Medion
- 1 Teclado ordenador (profesor) Fujitsu
- 1 Teléfono fixo
- 7 Vitrina de parede

● **Sala de Lectura**

- 1 Alfombra multicolor
- 2 Armario librería
- 4 Atril
- 1 Auriculares (alumnado) AKG K-70
- 6 Cadeira verde
- 4 Cadeira verde con pá
- 2 Cadeira verde recortada
- 1 Cadro Madame Butterfly
- 7 Estante CD e DVD (8x1)
- 1 Estante novo CD
- 4 Lámpara estantería
- 2 Mesa grande verde (unha recortada)
- 1 Mesa ovalada de madeira
- 1 Papeleira
- 2 Percha (4)
- 1 Puf
- 1 Purificador de aire
- 1 Regleta (3)
- 1 Regleta (5)
- 1 Regleta (6)
- 3 Reproductores de CD Panasonic SA-PM04
- 1 Sillón azul
- 1 Sillón negro
- 1 Sofá vermello



- 2 Taburete cadrado pequeno
- 1 Teclado MIDI Korg
- 1 TV AKAI
- 1 Ventilador FM
- 7 Vitrina de parede (4 sen cristal)

● **Conserxería**

- 3 Alongador (1 de 10 m)
- 2 Altofalantes pequenos NGS
- 1 Armario de instrumentos
- 1 Armario librería
- 1 Armario metálico de chaves
- 1 Auroculares Manhattan con micro
- 1 Cable de conexión/carga Lightning para Apple iPhone/iPod
- 2 Cables ethernet de 5 metros
- 2 Cadeira de oficina
- 1 Caixa de primeiros auxilios de parede
- 1 Caixa metálica material de oficina
- 1 Caixoneira pequena
- 1 Cámara de vídeo con funda, cargador e 2 baterías Canon Legria HFS10E
- 1 Cámara de vídeo con funda e cargador Samsung HMX QF30
- 1 Cámara fotográfica dixital + tarxeta memoria Sandisk 8 GB con funda e cargador Canon EOS 1100D
- 1 Cargador Micro USB para móbiles Android tipo B
- 1 Contedor negro 100 litros
- 1 Encadernadora espiral Yosan 64
- 1 Encerado pequeno
- 1 Estante madeira
- 1 Fotocopiadora Inneo+308
- 1 Grampadora brazo longo Rapesco
- 1 Grampadora grande Rexel
- 1 Grampadora oficina Petrus 222
- 1 Gravadora Tascam DR-100 MKII
- 1 Guillotina Fellowes Stellar
- 1 Guillotina de fotos carné
- 1 Mesa grande gris
- 1 Mesa mostrador
- 2 Mesa pequena gris
- 1 Mezclador de 8 canales Behringer Xenyx 802
- 1 Ordenador LG integrado en monitor
- 1 Ordenador portátil Asus F553MA-SX417B
- 1 Papeleira
- 2 Paraugueiro
- 2 Percha (4)
- 1 Perforadora Petrus 40
- 1 Plastificadora Fellowes Jupiter A3
- 1 Proxector portátil Vivitek
- 1 Radiocassette Portátil Panasonic RX-ES27
- 1 Rato Logitech inalámbrico
- 1 Regleta (3)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Teclado ordenador Logitech K270
- 1 Teléfono fixo Panasonic
- 1 Trípode Vídeo/Foto Cullmann Nanomax 250
- 1 Trípode Vídeo/Foto Giotto VT 803
- 1 Trípode Vídeo/Foto Star 63



● **Auditorio**

Hall:

- 2 Atril metal
- 1 Cuadro David Russell
- 2 Papeleiras

Camerino:

- 2 Altofalante SONY
- 1 Atril madeira discursos
- 4 Bandeiras (Vigo, Galicia, España, Europa)
- 2 Barras tarimas director
- 1 Biombo protector Covid
- 16 Cadeira negra pregable
- 1 Cadeira verde
- 1 Estrutura metálica Club Enxeñar
- 1 Mampara metálica
- 2 Mesa branca pregable
- 1 Papeleira
- 3 Percha (8)

Parte traseira:

- 1 Apoia pé de madeira
- 13 Atril
- 1 Atril madeira
- 1 Banqueta de piano
- 1 Banqueta piano dobre
- 3 Cadeiras negras plegables
- 3 Cadeira verde
- 1 Cadeira verde recortada
- 1 Equipo de música Sony
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6002237
- 1 Papeleira
- 1 Soporte de atrás fixo
- 1 Tarima de director

Escenario:

- 2 Altofalantes BOSE
- 1 Banqueta hidráulica de piano GUILL
- 1 Canón de luces
- 1 Deshumidificador WHIRLPOOL
- 1 Funda do piano
- 1 Instrumento: Piano de cola YAMAHA C7 6036397
- 2 Mesa audiovisuais
- 2 Micrófono de gravación
- 1 Pantalla para proxectar retráctil eléctrica
- 1 Proxector HITACHI
- 1 Roll-up do CMUS
- 1 Roll-up Erasmus

Cuarto de gravación:

- 1 Adaptador HDMI a VGA
- 1 Adaptador HDMI a Micro HDMI Deluxe Computer Cable x 2
- 1 Alongador de 25m
- 1 Auriculares AKG K240 Studio
- 1 Auriculares AKG K-70
- 2 Base micrófonos conferencia LD Systems 1015 CMB
- 1 Bobina de cable (resto instalación) Isopod SO-F22 2x0,22 qmm
- 1 Adaptador de HDMI a mini HDMI
- 1 Cable alimentación gris
- 1 Cable canon<canon 5 mts
- 1 Cable ethernet 15 mts
- 1 Cable HDMI Digitus 20 m x 2



- 1 Cable HDMI 4k de 20 m.
- 2 Cable jack jack 1/4 15 mts
- 1 Cable jack mono<RCA mono 3 mts
- 1 Cable jack stereo 3 mts
- 2 Cable Micro profesional OFC 5m.
- 2 Cable Micro The Sssnake 10m.
- 1 Cable minijack<2 jack mono 1'5 mts
- 1 Cable minijack<2 jack mono 6 mts
- 1 Cable USB Data V8 3 m.
- 1 Cable usb<miniusb 1mt gris
- 2 Cables alimentación negros
- 2 Cadeiras negras
- 1 Cámara Zoom Q2n 4k nº serie C24050402
- 1 Cargador de caja Easyspeed 2 USB Type-C 3.1A
 - 1 Disco Duro Externo CoolBox SSD M.2 NVMe
- 1 Disco duro multimedia, alimentador cable usb, cable multimedia, mando a distancia SEAGATE Geoflex Cinema SRM001
- 1 Disco duro multimedia Touro
- 1 Estufa eléctrica
 - 1 Gravadora dixital, alimentador, tarxeta SD 2 GB BarunFlash TASCAM DR 10MKII
 - 1 Lámpada de parede
 - 1 Mesa de audio profesional de 12 canles Denon
 - 1 Mesa de iluminación, alimentador, cable DMX (canon hembra<macho) WORK pro W Scan 1216 DMX Series
 - 2
 - 1 Mezcladora Blackmagic design ATEM mini pro
 - 2 Micrófono de conferencia, almohadillas antipops LD Systems 1015CM
 - 2 Micrófono sen fíos AKG WMS40 Mini Dual Vocal Set
 - 1 Minijack<minijack stereo 1,5mts
 - 1 Monitor LG 24MK430 60 cm / 24 + adaptador DC + Cable HDMI
 - 2 Monitor 20" Fujitsu
 - 2 Monitores audio LTO P5 4LA
 - 1 Ordenador HP
 - 1 Ordenador portátil, alimentador cable ethernet, ACER Aspire 5755G
 - 1 Papeleira
 - 1 PLCwifi TPLINK TL-WPA4220KIT
 - 1 Rato microsoft
 - 1 Rato DELL
 - 1 Rato Fujitsu
 - 1 Regleta multiusos
 - 1 Set de Walkie Talkies Motorola T82 Extreme
 - 1 Switch D-Link de 8 puertos + adaptador DC
 - 1 Teclado DELL

● **Despacho de dirección**

- 2 Armario librería
- 1 Arquivador plástico 8 caixóns
- 1 Bandeixa de papeis
- 1 Cadeira de oficina
- 6 Cadeira negra con brazos
- 1 Caixoneira
- 1 Encerado
- 2 Mesa oficina
- 1 Mesa redonda
- 1 Ordenador integrado en monitor Asus
- 1 Pantalla retráctil Fonestar
- 1 Papeleira
- 1 Percha (3)



- 1 Portalibros de mesa
- 1 Proxector con mando ACER
- 1 Rato Logitech M185
- 1 Regleta (6)
- 1 Teclado ordenador Phoenix
- 1 Teléfono inalámbrico Alcatel
- 1 Webcam Trust Vero

● **Despacho de vicedirección/secretaría**

- 1 Altofalantes pequenos Rainbow
- 2 Armario librería (con portas cristal)
- 1 Bandeixa portapapeis 4 pisos
- 1 Bandeixa portapapeis portátil
- 3 Cadeira de oficina
- 3 Cadeira profesor
- 1 Caixa de caudais con chaves orixinais
- 4 Caixoneira
- 2 Chaleco reflectantes
- 2 Mesa oficina con mesas supletorias
- 1 Monitor Asus
- 1 Ordenador Fujitsu
- 1 Ordenador integrado en monitor LG
- 2 Papeleira
- 2 Percheiro (3)
- 1 Rato Fujitsu
- 1 Rato sen fíos Logitech
- 1 Regleta (4)
- 1 Soporte ordenador
- 2 Teclado ordenador Phoenix
- 2 Teléfono fixo Panasonic

● **Despacho de xefatura de estudos**

- 1 Armario librería
- 1 Bandeixa portapapeis portátil
- 1 Cadeira de oficina
- 4 Cadeira profesor
- 1 Caixoneira
- 1 Lámpada de mesa
- 1 Mesa negra IKEA
- 1 Mesa pequena portátil
- 1 Mesa oficina
- 1 Ordenador completo iMac
- 1 Papeleira
- 1 Percha (3)
- 1 Rato Fujitsu
- 1 Regleta (6)
- 1 Teclado Phoenix
- 1 Teléfono fixo Panasonic
- 3 Vitrina

● **Despacho de coordinación de GE**

- 1 Armario librería
- 1 Cadeira de oficina
- 1 Cadeira profesor



- 1 Caixoneira
- 1 Encerado
- 1 Lámpada de mesa
- 1 Mesa profesor
- 1 Monitor LG con ordenador integrado
- 1 Papeleira
- 1 Percha (2)
- 1 Rato sen fíos Logitech M185
- 1 Regleta (4)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Teclado ordenador sen fíos Logitech K270
- 1 Teléfono inalámbrico SPC
- 1 Vitrina

● **Despacho de Equipo de Actividades**

- 1 Adaptador ethernet/usb
- 1 Altosfalantes pequenos NGS
- 1 Armario librería
- 2 Bancos verdes
- 2 Cadeira oficina
- 3 Cadeira profesor
- 1 Encerado
- 1 Enchufe triple
- 1 Mesa gris grande
- 1 Mesa gris pequena
- 1 Monitor HP
- 1 Monitor Lenovo
- 1 Ordenador Fujitsu
- 1 Papeleira
- 1 Papeleira con tapa Covid
- 1 Percha (8)
- 1 Rato Fujitsu
- 1 Regleta (4)
- 1 Regleta (5)
- 1 Splitter ethernet
- 1 Teclado ordenador HP
- 2 Vitrina

● **Secretaría**

- 1 Armario blindado
- 2 Armario metálico
- 1 Armario metálico de redes
- 5 Arquivador metálico
- 1 Bandeixa portapapeis 4 pisos
- 3 Cadeira de oficina
- 1 Cadeira profesor
- 1 Caixoneira
- 1 Contedor metálico Datapack
- 1 Estufa eléctrica
- 1 Fax Brother MFC-7820N
- 1 Fotocopiadora Bizhub C258
- 2 Mesa oficina
- 3 Mesa supletoria
- 1 Monitor Asus
- 1 Monitor Dell
- 2 Monitor Sony



- 1 Ordenador Dell
- 1 Ordenador Fujitsu
- 1 Ordenador HP
- 1 Ordenador HP (conectado á TV exterior)
- 2 Papeleira
- 1 Paragueiro
- 1 Percha (5)
- 1 Pupitre marrón
- 2 Rato DELL
- 1 Rato Fujitsu
- 1 Rato Logitech M150
- 1 Regleta (3)
- 3 Regleta (4)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Router MI AX1800
- 1 Router N2
- 1 Teclado ordenador Dell
- 1 Teclado ordenador HP
- 1 Teclado ordenador Labtec
- 1 Teclado ordenador Logitech
- 2 Teléfono fixo Panasonic
- 1 Trituradora de papel
- 2 Vitrina

● **Corredor traseiro**

- 4 Armario metálico
- 7 Arquivador metálico
- 10 Arquivadores pequenos cartón
- 2 Carriño audiovisuais
- 1 Carriño ordenador
- V Chaleco reflectante
- 1 Estante CD
- 1 Esterilla
- 1 Lámpada de pé
- 1 Mesa pequena auxiliar
- 1 Monitor Asus
- 1 Ordenador clónico
- 1 Ordenador Fujitsu
- 1 Rato HP
- 1 Rato Logitech
- 1 Soporte mesa baixa verde
- 1 Teclado ordenador HP
- 1 Vitrina

● **Climatización**

- V Andamio
- 2 Cadeira negras pregables
- 3 Cadeira verde
- 35 Cadeira verde con pá
- 1 Cadeira verde con pá zurda
- 1 Caixa metálica redes
- 1 Carro de transporte
- 1 Escaleira de madeira
- 1 Escaleira metálica
- 5 Estantería cadrada (4x4)
- 1 Expositor metálico



- 1 Lámpara de pé
- 1 Puitre verde
- 1 Vitrina sen cristais

● **Sala de titorías**

- 4 Butacas sky
- 1 Cable HDMI
- 4 Cadeira laranxa
- 4 Cadros/fotografías
- 1 Espello fixo
- 4 Estantes de cristal con CD
- 1 Lámpada de teito
- 1 Mesa cadrada
- 1 Mesa baixa
- 1 Televisor Hisense 70' con soporte e mando

● **Corredores dianteiro e laterais**

- 1 Armario madeira
- 3 Atril
- 1 Banco verde
- 1 Banqueta de piano
- 1 Buzón suxestións e queixas
- 19 Cadeira negra
- 7 Cadeira verde con pá
- 1 Corda cortapaso con 2 soportes
- 5 Cortiza
- 2 Cortiza pequena
- 2 Cortiza-vitrina
- 1 Estantería branca grande instrumentos
- 1 Fotocopiadora Konica Minolta Bizhub 283
- 10 Fotos/Cadros graduación
- 1 Foto No Bico un cantar
- 1 Instrumento: Piano eléctrico Kawai CL36 con cable
- 2 Máquinas expendedoras Delikia
- 1 Máquina expendedora en desuso
- 1 Mesa grande alumnado
- 2 Mesa madeira biblioteca
- 5 Papeleira
- 1 Papeleira reciclaxe
- 1 Taquillas profesorado
- 1 Tarima (dividida en 3 partes)
- 1 TV Telefunken

● **Vestíbulo principal**

- 1 Altosfalantes 2.1 con subwoofer
- 4 Banco verde
- 1 Buzón ANPA
- 1 Buzón de permisos
- 1 Cadeira verde
- 1 Contedor pilas
- 1 Corda cortapaso con 2 soportes
- 1 Encerado imantado
- 3 Mesa verde baixa
- 2 Papeleira



- 3 Paragueiro
- 2 Plantas
- 1 Reloxo de parede
- 1 TV Samsung
- 2 Vitrina

2. CAPÍTULO II (letras m e n) do artigo 45 punto 4º do Decreto 223/2010)

2.1 Documento de organización de Centro

O documento de organización de Centro atópase cuberto no formato dixital aportado pola Consellería e figura, como documento adxunto, no CD que acompaña a esta PXA; por suposto, e de xeito independente, éste tamén foi tramitado no seu día (15 de outubro) ao Servizo Provincial de Inspección.

As follas DOC do horario individual do profesorado figuran convenientemente asinadas por todos/as e cada un dos membros do Claustro.

2.2 Modificacións do proxecto educativo

No claustro ordinario do 21 de setembro de 2022 tratouse como punto da orde do día, e tras a pertinente solicitude ao servizo de inspección, a abolición da “perda do dereito á avaliación contínua”, resultando este particular aprobado por unanimidade polo órgano citado. Polo tanto, no sucesivo, quedou derogado o Artigo 13 do capítulo III do Título Primeiro da Sección II: Normas de organización e funcionamento do Proxecto Educativo de Centro do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

Inclúese, así mesmo, no capítulo I desta PXA un novo plan de igualdade e o novo plan de atención á diversidade.

2.3 Programacións didácticas dos departamentos

As programacións didácticas foron tramitadas, xunto co documento DOC, ao Servizo Provincial de Inspección, e nelas engadíronse os cambios introducidos por cada Departamento en base á nova filosofía de “calidade”. Tamén se poden consultar na páxina web do Conservatorio a partir da semana seguinte da súa tramitación ao servizo citado.

3. CAPÍTULO III (letras f, g, h, i e j do artigo 45 punto 4º do Decreto 223/2010)

3.1 Profesorado participante en programas de innovación educativa

No actual curso académico, o Conservatorio Profesional de Música de Vigo non se atopa inmerso en programas de innovación educativa.

3.2 Programa anual de formación do profesorado

O plan de formación permanente do profesorado foi tramitado tendo en conta as directrices marcadas dende o Centro Autonómico de Formación e Innovación, e tendo en conta as observacións do CFR de Vigo, Centro de referencia para a asesoría en Formación Permanente do Profesorado do noso Centro.

3.3 Programa de promoción da lingua galega

3.3.1 Introducción

Acadar unha boa competencia lingüística tanto en galego como en castelán son os obxectivos principais que nos marcamos como meta, como figura no proxecto educativo do centro. Para isto e seguindo as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, o equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) elabora un programa cada ano que recolle os seguintes aspectos:

- Breve estudo sociolingüístico onde se analiza o ámbito sociolingüístico do centro e situación lingüística tamén do centro, poñendo especial atención nos grupos de profesorado e alumnado.
- Obxectivos para o curso académico, incluíndo obxectivos xerais para o centro e específicos para cada un dos grupos de persoas estudados.
- Actividades deseñadas especificamente en función dos resultados analizados, incluíndo a súa temporalización, persoas ás que van dirixidas, departamentos e profesorado participante na organización, recursos dispoñibles e necesarios para cada unha delas e procedemento a seguir na

realización das mesmas.

- Informe de coordinación do EDLG realizado trimestralmente onde se dá conta dos obxectivos, aspectos positivos a destacar, propostas de mellora e actividades realizadas no trimestre.

Este programa será aprobado polo consello escolar e formará parte da programación xeral anual.

3.3.2 Situación lingüística do centro

A lingua empregada polo centro na documentación e como vehículo para calquera tipo de comunicación escrita é exclusivamente o galego: Os documentos polos que se rexe o centro (Proxecto Educativo de Centro, Normas de Organización e Funcionamento e Memoria anual), a comunicación entre docentes (convocatorias de reunións de claustro, de comisión de coordinación pedagóxica, consello escolar e comisión económica con cadansúas actas), as comunicacións coas familias (boletíns de notas, notas informativas, invitacións a diversas actividades do centro, etc.), comunicacións co alumnado (convocatorias de exames, programas das audicións, etc.) e publicidade do centro (taboleiros de anuncios, carteis das distintas actividades a realizar nas aulas ou no auditorio, programas de concerto do auditorio, páxina web, etc.)

A pesar desta descrición sobre a comunicación escrita no conservatorio, e collendo os datos da última enquisa sociolingüística realizada no centro <https://edlg.cmusvigo.gal/index.php/2022/03/14/situacion-da-lingua-galega-no-cmus-vigo/>, como lingua empregada habitualmente imponse o castelán para toda a comunidade educativa, cunha tendencia maior no caso do alumnado.

É importante subliñar que aínda que a maioría dos membros da comunidade educativa non tiveron o galego como unha das súas linguas iniciais, si hai unha porcentaxe importante, principalmente no alumnado, que afirma ter aprendido a falar nas dúas linguas (galego e castelán). Isto, unido a que en xeral consideran que teñen un bo dominio da lingua (na fala, na escrita, na comprensión e na lectura), fai que teñan a capacidade de expresarse en galego se se potencia adecuadamente o seu uso.

Na maioría dos casos, a principal razón pola que non se fala galego é pola existencia dun ambiente castelán falante, non por unha actitude negativa cara a lingua. Isto significa que potenciar un ambiente galego falante no Conservatorio podería conseguir que os galego falantes non tiveran que cambiar a lingua para relacionarse cos demais membros da comunidade. As actitudes cara ao fomento do uso do galego e cara ao propio uso do galego no Conservatorio son maioritariamente positivas. Tamén é positiva a actitude cara á aprendizaxe ou mellora do idioma.

Todo isto mostra un ambiente propicio para que o EDLG traballe coas súas actividades dinamizadoras no centro, creando un ambiente que favoreza o uso do galego no mesmo.

3.3.3 Obxectivos para este curso

Dende o EDLG queremos orientar as actividades deseñadas ao coñecemento e valoración da realidade cultural e artística galega. E propoñémonos acadar este obxectivo pensando na comunidade educativa e tamén no público xeral ao que diriximos as nosas actividades. Ao tratarse dun ensino moi especializado, sen franxas horarias comúns como no caso do ensino obrigatorio, é nas actividades complementarias onde centraremos as nosas actuacións. Obteremos deste xeito unha maior visibilidade e difusión da nosa actividade cultural tanto para a comunidade educativa como para o público xeral da contorna.

De carácter xeral, os obxectivos resúmense en dous: garantir o cumprimento da Lei en materia de dinamización lingüística e propiciar que o galego sexa lingua habitual de comunicación, expresión e traballo na comunidade educativa. De maneira máis específica desenvolvemos os seguintes obxectivos dirixidos aos diferentes ámbitos especificados a continuación

3.3.3.1 Contorna sociolingüística do centro

Polas características singulares do noso centro, diferentes ás de calquera centro de ensino obrigatorio, as actividades culturais programadas no mesmo teñen un impacto grande no barrio. Moitas destas actividades son de libre acceso

para público xeral, polo que o conservatorio contribúe a engrosar a actividade cultural da contorna. Así, a lingua vehicular destas actividades non só atinxe aos membros da comunidade educativa, senón que impacta tamén nas persoas que viven e desenvolven a súa actividade na zona onde se ubica o conservatorio. Os obxectivos que propoñemos para este ámbito resúmense en:

Potenciar e visibilizar o Conservatorio no seu contorno cultural e lingüístico.

Fomentar, en colaboración con outras institucións, o coñecemento da lingua e cultura galegas.

Realizar proxectos de colaboración con outros centros educativos de ensino obrigatorio da cidade.

Continuar a colaboración activa co CSM Vigo, ideando actividades musicais conxuntas que beneficien ás comunidades de ambos centros.

Manter unha relación participativa coa Coordinadora de Equipos de dinamización da lingua galega.

Estar en contacto co Servizo de Normalización Lingüística do concello e informar de actividades que poidan ser de interese da nosa comunidade.

En resumo, organizaremos actividades, moitas delas de carácter lúdico relacionadas co ciclo anual que sirvan de escusa para a convivencia da música e a lingua galega, ademais doutros actos e proxectos como concertos, mostras charlas, coloquios, intervencións artístico-musicais, etc., co galego como lingua vehicular (actividades detalladas no punto 4.1.1)

3.3.3.2 Situación do profesorado

Os obxectivos propostos pensando especificamente no colectivo do profesorado, son:

Mellorar a competencia lingüística do profesorado fomentando a súa formación en lingua galega: deste xeito axudaremos a garantir os dereitos lingüísticos de todos os membros da comunidade, especialmente do alumnado.

Incrementar o uso do galego na actividade docente.

Fomentar a participación do profesorado en actividades organizadas, xestionadas ou nas que colabora o EDLG. Para que exista a participación do EDLG nalgunha actividade proposta por algún departamento ou iniciativa individual dalgún membro da comunidade, o galego ten que ser a lingua na que se desenvolva dita actividade, polo que coa participación do equipo axudamos a dar visibilidade ao galego e a fomentar o seu uso por parte do profesorado implicado.

Para acadar estes obxectivos, propoñemos informar de cursos específicos ao persoal docente desde o espazo que temos na web, fomentar a realización de cursos e actividades específicos de galego aplicado á música no propio centro, solicitar á Dirección de Política Lingüística o envío de materiais didácticos que faciliten o uso da lingua galega no ámbito docente e animar á participación en actividades organizadas no centro, así como axudar na organización de eventos por parte dos diferentes departamentos.

3.3.3.3 Situación do alumnado

Como obxectivos dirixidos ao alumnado, propoñemos os seguintes:

Mellorar ou consolidar a competencia lingüística en galego do alumnado.

Difundir os dereitos lingüísticos do alumnado.

Velar porque non exista discriminación en razón de lingua.

Incentivar o uso do galego no centro.

Visibilizar as propostas existentes no centro que empregan o galego como lingua vehicular e fomentar a participación nas mesmas.

Como foi comentado anteriormente, o ambiente castelán falante no centro é a razón principal pola que o alumnado afirma non falar en galego. É por iso que é fundamental a súa participación en actividades como talleres, seminarios, charlas ou conferencias, concertos, debates, etc. que teñan o galego como lingua vehicular. Así mesmo, o EDLG terá en conta a natureza e singularidade das nosas ensinanzas á hora de organizar actividades, de maneira que se poidan implicar o maior número de aulas posibles nos eventos organizados polo equipo.

3.3.3.4 Situación lingüística do centro

Incluimos neste texto este ámbito xeral de centro, sabendo a importancia que teñen certos axentes que non foron mencionados ata o momento. Referímonos fundamentalmente ao persoal non docente e ás familias. Os obxectivos propostos son os seguintes:

Fomentar a implicación de todos os membros da comunidade educativa no proceso de normalización do uso da lingua galega.

Facilitar a participación activa das familias e do persoal non docente en actividades organizadas polo EDLG

Establecer unha relación fluída coa ANPA do conservatorio de maneira que poidamos organizar actividades conxuntamente.

Estimular o uso do galego en todos os ámbitos: docencia, xestión e servizos.

Facilitar o acceso á información de publicacións institucionais no referente á lingua galega.

Difundir entre todos os membros da comunidade o Plan Xeral para o uso do idioma.

Realizar campañas dirixidas a incentivar o uso da lingua galega en todas as actividades de ámbito académico, mantendo conexión con outros centros educativos da cidade

Velar porque todos os carteis, programas de man e publicidade de actos do centro estean realizados en galego, instando á súa substitución aos que estean en castelán

Empregar todos os medios ao noso alcance para conseguir unha maior difusión das actividades organizadas polo EDLG. (espazo web, taboleiros do EDLG no centro, redes sociais, etc.).

Dar continuidade co fin de consolidar aquelas actividades que mellor contribuíron aos obxectivos propostos.



3.3.4 Medidas para potenciar o uso da lingua galega

OBXECTIVOS	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Dar maior visibilidade ao traballo do EDLG	1. Actualización de contidos no espazo que o EDLG ten na web do centro: https://edlg.cmusvigo.gal	Todo o curso
	2. Posta en marcha de “Os contos da Miñoca”. Novo podcast en galego do Cmus profesional de Vigo.	Todo o curso (2 podcast por mes)
	3. Actualizar e renovar carteis e demais material físico nos taboleiros que o EDLG ten no centro.	Todo o curso
Buscar a transversalidade nas actividades propostas procurando a participación do maior número de departamentos posible	1. Coñece a biblioteca: actividade de difusión do material bibliográfico co que conta o centro relacionado con cada especialidade instrumental.	1º trimestre
	2. Homenaxe a Dorothé Schubarth: coa participación de Concha Losada (presidenta do Museo do Pobo Galego) e As Lagharteiras.	2º trimestre
	3. Proxecta+ Unha tarde entre mulleres: Concerto a cargo de alumnado e profesorado interpretando obras de compositoras de todos os tempos	2º trimestre
	4. Homenaxe a Alicia de Larrocha: interpretacións da súa obra compositiva, coa participación da súa filla, Alicia Torra de Larrocha.	2º trimestre
	5. Proxección da película Matria e posterior charla coloquio concerto co director Álvaro Gago, compositora Patricia Cadaveira e intérprete Nerea Rodríguez.	2º trimestre
	6. Compositoras engaioladas: Scape room na biblioteca do centro deseñada polo alumnado do Itinerario de Musicoloxía	2º trimestre
Crear espazos de colaboración con outras institucións e entidades da contorna. Participar en proxectos comúns con outros centros educativos de igual ou diferentes natureza posibilitando a interacción do alumnado con persoas de diferentes especialidades e niveis educativos.	1. Proxecta+ VERsoamos. Música e poesía na vila romana de Toralla, en colaboración co IES Coruxo e CEIP Ría de Vigo	Todo o curso Evento no 3º trimestre



	2. Actividade de colaboración co CSM Vigo: proxecto TUNE Tradition Music Undergraduate Network in Europe con participación dos países Estonia, Francia España, Grecia e Noruega.	1º trimestre
Achegarse de maneira lúdica ás celebracións tradicionais do ciclo anual en Galicia, poñendo o acento na vinculación musical das mesmas	1. Celebración do Samaín: tradición da petición de esmolos para os cativos e celebración de concertos terro-ríficos.	1º trimestre
	2. Foliada de Outono: celebración musical en forma de <i>serán</i> no mes das castañas.	1º trimestre
	3. O entroido: coñecemento das figuras máis relevantes do entroido en Galicia. Neste ano tócalle o turno ao Follateiro de Lobios. O folián como expresión musical li-gada ao entroido en Galicia	2º trimestre
Divulgar figuras e obras relaciona-das coa arte e cultura galegas, en especial a persoa homenaxeada no día 17 de maio.	1. Luisa Villalta: poeta e violinista. Di-vulgación da súa figura e obra	3º trimestre
	2. Concerto inauguración da Semana das Letras a cargo da Banda Senior, cun programa íntegro de música ga-lega.	3º trimestre
	3. Concerto voz e piano. A canción galega: composicións do alumnado de RTA sobre textos en galego inter-pretadas polo alumnado de canto.	3º trimestre
	4. Concerto da Banda Junior inclu-índo no repertorio música de compo-sitores galegos.	3º trimestre
Fomentar á relación entre o alum-nado de diferentes niveis educativos e especialidades, posibilitando a co-municación e o establecemento de lazos afectivos entre os membros da comunidade educativa. Axudamos a ter no centro un ambiente máis co-hesionado, o que repercute directa-mente nun clima agradable e mellor convivencia.	1. Concerto en familia	3º trimestre
	2. Club Enxeñar: O club de lectura do centro mostra o traballo realizado du-rante o curso neste evento onde se combinan música, palabra, teatro, imaxe...	3º trimestre

O EDLG do CMUS de Vigo elaborou este ano un programa globalizador, no que a maioría das súas actividades son transversais e implican aulas de diferente especialidade e nivel educativo. Así mesmo, descentralizou as actividades do

mes de maio, e aínda que a Semana das Letras Galegas segue sendo un eixe arredor do que xiran moitas actividades normalizadoras, propoñemos dinamizar a lingua galega con actividades en todos os trimestres do curso.

3.3.5 Recursos

Os recursos económicos cos que conta o EDLG correspóndense basicamente coa axuda que a consellería adxudica ao Proxecto de Fomento do Uso do Galego que cada ano presenta o Cmus Profesional de Música de Vigo. Ademais diso, o propio centro proporciona de maneira habitual o material necesario para cartelería (carteis, programas de man, papel, impresións, plastificados...) e ocasionalmente material específico para algunha actividade en particular. Excepcionalmente podemos contar tamén coa axuda dalgunha entidade ou institución colaboradora nalgún evento concreto.

3.3.6 Procedementos de coordinación

O EDLG reúnese unha ou dúas veces ao mes. Nas primeiras reunións confírmense as actividades que xa foron realizadas en cursos pasados e que se van repetir e desbótanse aquelas que por diversas causas non se van retomar. A partir de aí compártense ideas, resérvanse espazos, contáctase coas persoas que estarán implicadas na organización de cada actividade, repártense as tarefas que cada un vai realizar ata a seguinte reunión e recóllense as impresións recollidas por parte de departamentos, profesorado, alumnado ou calquera persoa da comunidade educativa que teña relación co equipo. Analízase o resultado de cada actividade (obxectivos acadados ou non, asistencia, publicidade, comunicación coa comunidade, xestión de horarios, espazos, repercusión, erros etc.) e anótanse as propostas de mellora, sobre todo naquelas que son susceptibles de repetirse no curso que vén.

Ademais destas reunións, a coordinadora informa ao resto de departamentos das accións do equipo na comisión de coordinación pedagóxica e semanalmente coordina o seu traballo co equipo de actividades do centro.

O EDLG mantén relación fluída coa vicedirección do centro, quen se ocupa da

xestión de espazos, coordina as actividades do centro e exerce de ponte para as comunicacións vía correo electrónico.

Finalmente, a relación do EDLG coa ANPA establécese a través de coordinadora e presidente respectivamente, intercambiando a información necesaria sobre actividades organizadas independentemente e en colaboración.

3.4 Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O Plan de actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas é un documento aberto, segundo foi aprobado no Consello Escolar. Así mesmo, o plan foi informado e votado dentro da Programación Xeral Anual, na sesión de Claustro anteriormente citada.

As actividades que se celebren fóra deste plan deberán de ser xustificadas e autorizadas polo Consello Escolar, sendo os membros deste órgano colexiado, debidamente informados pola Vicedirección, tras ser presentada a proposta polo Departamento ou persoa que organice a actividade.

3.4.1 Actividades culturais (Audicións, Cursos e Master Class)

Calendarios trimestrais de audicións internas elaboradas pola Vicedirección do centro en coordinación coa CCP e os diferentes Departamentos.

Nota: A asistencia a estas audicións estivo pechada durante dous cursos a todo o público alleo ao Conservatorio pola emerxencia sanitaria do Covid, pero neste curso volven a ser públicas.

3.4.2 Actividades internas

- Acto de Inauguración do curso.
- Erasmus days
- Concerto de Santa Icíá.
- Concerto de Nadal.
- Concerto de Entroido.

- Concerto do Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- Graduacións do alumnado de 4º G. Elemental e 6º G. Profesional.

Estes eventos serán abertos ao público pero tamén retransmitidos en streaming polo éxito que ten esta modalidade entre a comunidade educativa.

3.4.3 Actividades de promoción das ensinanzas

- Intercambio con conservatorios de música de Galicia (formacións orquestrais ou camerísticas).
- Asistencia a concertos/outros co alumnado: esta actividade será programada e supervisada polo departamento interesado.
- Asistencia a cursos, clases maxistras, talleres de formación, conferencias, presentacións de libros, participación en concursos musicais. Estas actividades serán programadas e supervisadas polo departamento interesado.
- Realización de concertos en espazos da cidade de Vigo dedicados a actividade musical e cultural.
- Programación de concertos, cos coros do Conservatorio, na igrexa de San Antonio da Florida.
- Colaboración con colexios, institutos e asociacións do entorno, para a difusión das actividades organizadas no noso Centro, e tamén para a formación de público.

3.5 Biblioteca

3.5.1 Organización

(Estrato das Normas de organización e funcionamento do Conservatorio).

3.5.1.1 Artigo 51.

Na actualidade, a Biblioteca do Conservatorio alberga tamén a Sala de Lectura para o alumnado, con horario a definir ao inicio de cada curso.

Debido a que este servizo non conta con persoal especializado, e para poder dotar á biblioteca dun funcionamento máis axeitado, a xefatura de estudos organiza quendas de atención para o profesorado.

3.5.1.2 Artigo 52. Normas de funcionamento

A biblioteca será xestionada por un equipo de biblioteca (EB) e un equipo de apoio (EA) que terán un horario prefixado para tal fin. A xestión da biblioteca estará a cargo da Secretaría, a cal determinará cando e como poderá accederse aos fondos bibliográficos e fonográficos.

O material pertencente á biblioteca só poderá ser proporcionado polo EB, e polo EA responsable da mesma, no horario establecido. En ningún caso se facilitarán as chaves da biblioteca a ninguén alleo á xestión deste espazo.

3.5.2 Actividades propostas para a Biblioteca

- Presentación de libros de editoriais galegas que desexen facelo así no espazo da nosa biblioteca.
- Conferencias sobre calquera tema relacionado coa música, prestando especial atención á música galega.
- Celebración do día internacional das bibliotecas.
- Eventos culturais e/ou musicais.

3.6 Actividades de dinamización da Lingua Galega

Dende o equipo de dinamización lingüística estase a traballar nas seguintes actividades:

- Revisión e adaptación do Plan Lingüístico do Centro ás novas actividades propostas polo Conservatorio.
- Programación de actividades na Semana das Letras Galegas.
- Revisión e adaptación do Programa de Promoción da Lingua Galega.
- Podcast “os contos da Miñooca”.



3.7 Plan de autoprotección

No curso académico 2019-2020 elaborouse un novo Plan de Autoprotección, que foi contratado á empresa Preventecnia. Devandita empresa, punteira na provincia de Pontevedra e encargada da seguridade de eventos masivos na cidade de Vigo, tamén se encargou de levar a cabo catro conferencias para o profesorado en relación ás actuacións que se deben levar a cabo no Centro cando sexa necesaria unha evacuación.